



BOP

MÉRCORES, 2 DE AGOSTO DE 2017 N.º 176

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

XUNTA DE GALICIA

XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA DELEGACIÓN TERRITORIAL DE LUGO

Anuncio

Resolución do 12 de xullo de 2017, da Xefatura Territorial de Economía, Emprego e Industria de Lugo pola que se concede a autorización administrativa previa e de construción, e se declara a utilidade pública, en concreto, para os efectos da urxente ocupación, a instalación eléctrica "Modificado n.º 1 LMT. CT e RBT. Cimadevila-Bolmente", no concello de Sober (Exp. 026/2008 A.T.)

Examinado o expediente instruído a instancia da empresa Unión Fenosa Distribución S.A., con enderezo para os efectos de notificación na Batundeira 2, Velle (Ourense) aprécianse os seguintes

Antecedentes de feito.

Primeiro-Mediante a Resolución do Departamento Territorial de Economía e Industria de Lugo do 9 de decembro de 2010 concedese a autorización administrativa, aprobouse o proxecto de execución e declarouse a utilidade pública, en concreto, da instalación eléctrica LMT, CT e RBT Cimadevila-Bolmente (DOG do 11 de xaneiro de 2011).

Posteriormente o 4 de xuño de 2015 a empresa beneficiaria (Unión Fenosa Distribución, S.A.) para evitar que o trazado da liña de media tensión proxectada ao centro de transformación Cimadevila afecte o solo de núcleo rural de Santa Marta, solicita autorización administrativa previa, de construción, e a declaración de utilidade pública, en concreto, para a instalación eléctrica "Modificado número 1 LMT. CT e RBT Cimadevila-Bolmente" presentando o preceptivo proxecto das instalacións a que fai referencia o Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE núm. 310, do 27 de decembro), que regula as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica e xuntando a relación concreta e individualizada de bens e dereitos afectados pola nova instalación e a relación dos bens e dereitos desafectados, que determina a Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico (BOE núm. 310, do 27 de decembro) e o artigo 143 do Real decreto 1955/2000, antes citado.

Segundo.- O proxecto someteuse a información pública para os efectos previstos na Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico e no Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, mediante resolución desta xefatura territorial do 3 de maio de 2017. Esta resolución foi publicada no diario La Voz de Galicia do 9 de xuño de 2017, no BOP de Lugo do 1 de xuño de 2017 e no DOG do 30 de maio de 2017, no taboleiro de anuncios da citada xefatura territorial e no taboleiro de anuncios do concello de Sober. Con esta resolución inseríase a relación de bens e dereitos afectados e desafectados.

Así mesmo, practicouse notificación individual aos interesados incluídos nas referidas relacións de bens e dereitos.

Terceiro.- Enviáronselles separatas relativas ao proxecto aos diferentes organismos afectados e cumpríronse os trámites establecidos no artigo 127 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro.

Cuarto.-Durante o trámite de información pública non se presentaron alegacións.

Quinto.-Persoal dos servizos técnicos desta xefatura territorial emitiu informe favorable sobre a solicitude obxecto deste expediente, de acordo co disposto na Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, e no Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro. Igualmente, unha vez revisado sobre o terreo o trazado da liña eléctrica proxectada, infórmase polos referidos servizos técnicos que non se dá ningunha das limitacións para a imposición da servidume de paso de enerxía eléctrica ás que se refire o artigo 161 do Real decreto 1955/2000, en relación co artigo 58 da Lei 24/2013, sobre as fincas incluídas na relación de bens e dereitos que foi obxecto de información pública e sobre as que a empresa beneficiaria non chegou a un acordo amigable cos seus propietarios.

A este feitos son de aplicación os seguintes

Fundamentos de dereito.

Primeiro.-A esta xefatura territorial, de acordo coas competencias que resultan dos Decretos 129/2015, do 8 de outubro (DOG núm. 194, do 9 de outubro) e 175/2015, do 3 de decembro (DOG núm. 232, do 4 de decembro) polos que se crea e establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía, Emprego e Industria e tendo en conta o Decreto 9/2017, do 12 de xaneiro (DOG núm. 22, do 1 de febreiro) sobre órganos competentes para autorización de instalacións eléctricas na Comunidade Autónoma de Galicia, en relación co Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro, e a Lei 24/2013, do 26 de decembro do sector eléctrico, correspóndelle resolver sobre a presente solicitude.

Segundo.-No expediente cumpríronse os trámites sinalados no artigo 53 da citada lei 24/2013, e os regulamentarios ordenados nos capítulos II e V do título VII do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, que regula o procedemento de autorización de instalacións de enerxía eléctrica.

Terceiro.- Sen prexuízo do anterior, cómpre ter en conta que consonte ao artigo 151 do citado Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, en calquera momento a empresa beneficiaria e os titulares dos necesarios bens e dereitos poden convir un mutuo acordo, causando a correspondente conclusión do expediente expropiatorio.

De acordo co exposto e en virtude das competencias que ten atribuídas, esta xefatura territorial

RESOLVE:

Primeiro. Autorizar a Unión Fenosa Distribución S.A. o establecemento da instalación eléctrica denominada "Modificado n.º. 1 LMT. CT e RBT. Cimadevila-Bolmente", no concello de Sober, coas seguintes características técnicas principais:

1-Cambio de trazado entre os apoios identificados no proxecto cos números 4 e 7 da liña de media tensión (L.M.T.) aérea de 20 kV. de tensión nominal, con condutor tipo LA-56, sobre apoios metálicos e de formigón, cunha variación de lonxitude da liña de 46 metros.

Segundo. Aprobar o proxecto de execución da instalación eléctrica "Modificado n.º. 1 LMT. CT e RBT Cimadevila-Bolmente" visado o día 31 de outubro de 2013 co número 20132160,

polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais de Galicia e asinado polo enxeñeiro industrial D. Burkard Hecht Elorduy, colexiado número 2633.

Terceiro. Declarar a utilidade pública, en concreto, da instalación eléctrica obxecto do presente expediente, o que implica a necesidade de ocupación dos bens ou da adquisición dos dereitos afectados e a urxente ocupación para os efectos do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa. Por isto, en cumprimento do disposto neste artigo, acórdase que polo representante da Administración se dea comezo, na data e hora que a cada interesado se lle notificará individualmente, ao levantamento das actas previas á ocupación dos predios contidos na relación de bens e dereitos publicada no diario La Voz de Galicia do 9 de xuño de 2017, no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do 1 de xuño de 2017 e no Diario Oficial de Galicia do 30 de maio de 2017, expostas no Taboleiro de anuncios desta xefatura territorial e no taboleiro de anuncios do concello de Sober. Así mesmo, se fai constar que ata o momento do levantamento das actas previas, poderanse formular as alegacións que se consideren oportunas, aos efectos de rectificar posibles erros na relación de bens afectados que foi obxecto de publicación nos medios e nas datas anteriormente referidos. Estas alegacións deberanse presentar por escrito perante esta Xefatura Territorial de Economía, Emprego e Industria, (Edificio Administrativo da Xunta de Galicia en Lugo, Rolda da Muralla 70, 27071, Lugo).

Todo isto de acordo coas condicións seguintes:

Primeira.-As instalacións que se autorizan terán que realizarse de acordo coas especificacións e cos planos que figuran no proxecto "Modificado n.º. 1 LMT. CT e RBT Cimadevila-Bolmente" presentado pola empresa Unión Fenosa Distribución S.A.

Segunda.-O petionario asegurará o mantemento e a vixilancia correcta das instalacións durante a construción e despois da súa posta en servizo, co fin de garantir que en todo momento se manterán as condicións regulamentarias de seguridade con carácter permanente.

Terceira.- Deberase cumprir canto establece a lexislación técnica de liñas eléctricas de alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias, de acordo co Real Decreto 223/2008, do 15 de febreiro, así como, de ser o caso, a lexislación aplicable ás instalacións de baixa tensión e as súas instrucións técnicas complementarias de acordo co Real decreto 842/2002, do 2 de agosto, ademais do resto de normativa e directrices vixentes que sexan de aplicación.

Cuarta.-Para introducir modificacións nas instalacións que afecten a datos básicos do proxecto será necesaria a autorización previa desta xefatura territorial.

Quinta.-O prazo para a execución das instalacións que se autorizan será de doce meses, contados a partir da data de notificación/publicación desta resolución.

Sexta.-A Administración resérvase para si o dereito de deixar sen efecto esta autorización por calquera das causas establecidas no artigo 34 do Decreto 1775/1967, do 22 de xullo, por incumprimento das condicións impostas ou por calquera outra causa excepcional que o xustifique.

Sétima.-Esta autorización outórgase sen prexuízo de terceiros e independentemente das autorizacións, licenzas ou permisos de competencia municipal, provincial o outros necesarios para a realización das obras das instalacións autorizadas.

Esta publicación realízase igualmente para os efectos do artigo 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, (BOE núm. 236, de 2 de outubro) cando os titulares dos predios propostos sexan descoñecidos, non se saiba o lugar de notificación, ou ben, tentada a notificación, non se puidera realizar e así dirixirllle ao Ministerio Fiscal as dilixencias que se produzan de conformidade co artigo 5 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954.

Contra esta resolución, que non é definitiva en vía administrativa, cabe interpoñer recurso de alzada ante o Conselleiro de Economía, Emprego e Industria no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da súa notificación / publicación, de conformidade cos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, sen prexuízo de que os interesados poidan interpoñer calquera outro recurso que estimen pertinente.

Lugo, 12 de xullo de 2017.- Pilar Fernández López, Xefa territorial de Lugo

R. 2261

Anuncio

Resolución do 10 de xullo de 2017 da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria de Lugo, pola que se somete a información pública a petición de autorización administrativa previa e de construción dunha instalación eléctrica no concello do Corgo (Expediente IN407A 2017/83-2, 8555 -AT)

Para os efectos previstos na Lei 24/2013 do 26 de decembro (BOE nº. 310, do 27 de decembro) do sector eléctrico, e no título VII do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro,(BOE nº. 310, do 27 de decembro) polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sométese a información pública a petición de autorización administrativa previa e de construción da instalación eléctrica que se describe:

- Solicitante: Unión Fenosa Distribución S.A.
- Domicilio Social: A Batundeira 2- Velle- Ourense
- Denominación: Ampliación CT. Gomeán (27C503).
- Situación: concello do Corgo.
- Características Técnicas:

1-Aumento de potencia do centro de transformación Gomeán (27C503) situado nunha caseta non prefabricada de obra civil existente, substituíndo a máquina actual de 75 kVA por unha nova de 100 kVA e relación de transformación 20.000/400 V. Tamén se proxectan novos condutores para a conexión entre o transformador proxectado e o cadro de baixa tensión existente.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán examinar o proxecto e presentar as súas alegacións, nesta xefatura territorial, sita na Rolda da Muralla nº. 70-baixo 2- Lugo, no prazo de vinte días a partir do seguinte ao da última publicación desta resolución.

Lugo, 10 de xullo de 2017.- Pilar Fernández López, Xefa territorial de Lugo

R. 2262

CONCELLOS

BECERREÁ

Anuncio

EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 19 de xullo de 2017, prestouse aprobación inicial ao Padrón da Taxa por postos, barracas, casetas de venta, espectáculos ou atraccións situadas en terreos de uso público correspondente ao 2º SEMESTRE 2017.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago da taxa, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que podan ser examinados e

presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevado a definitivo se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra o mesmo.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigo 87.2 do Regulamento Xeral de Recadación, aprobado polo Real Decreto 1.684/1990, de 20 de decembro, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, ata o 19/09/2017 Para o cobro dos mesmos, lles serán facilitados os correspondentes recibos en cada posto os días de feira.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de apremio; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procedéndose a súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria. A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Becerreá 20 de xullo de 2017.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 2263

Anuncio

EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 19 de xullo de 2017 prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de xuño de 2017 do prezo público pola prestación do servizo de axuda a domicilio.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago do prezo público, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, ata o 19/09/2017. Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectúa-lo pago en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, obrigado ó pagamento deberá personarse nas oficinas municipais para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento,

segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Becerreá 20 de xullo de 2017.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 2264

Anuncio

EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 19 de xuño de 2017, prestouse aprobación inicial aos padróns correspondentes ao 2º Trimestre 2017 das:

- Taxa polo subministro de auga.
- Taxa pola recollida de lixo.
- Taxa pola prestación do servizo de rede de sumidoiros e depuración.
- Canon da auga (Xunta de Galicia).

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago das taxas, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigo 87.2 do Regulamento Xeral de Recadación, aprobado polo Real Decreto 1.684/1990, de 20 de decembro, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, dende o 20/07/2017 ata o 19/09/2017. Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectua-lo pago en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, o obrigado ó pagamento deberá persoarse nas oficinas municipais, para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iniciarase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de apremio; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase a súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, para o que deberán acudir as oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A falta de pago do canon da auga da Xunta de Galicia, no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia e a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Becerreá 20 de xullo de 2017.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 2265

CASTRO DE REI

Anuncio

Aprobación inicial da modificación do anexo de personal recollido no orzamento municipal do concello de Castro de Rei para o exercicio 2017

Aprobado inicialmente polo Pleno do concello de Castro de Rei, en sesión celebrada o día 14 de xullo de 2017, a modificación do anexo de personal recollido no orzamento municipal para o exercicio 2017, aprobado polo Pleno deste concello na sesión celebrada o 12 de maio de 2017, en relación coa creación da praza de auxiliar de biblioteca pública municipal "José Crecente Vega", en cumprimento do disposto no artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, expónse ó público polo prazo de quince días hábiles, contados a partir do seguinte ó da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia. Durante este prazo, os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

A citada modificación considerárase definitivamente aprobada se durante o expresado prazo non se presentan reclamacións.

Castro de Rei, 21 de xullo de 2017.- O ALCALDE, Francisco Javier Balado Teijeiro.

R. 2266

CHANTADA

Anuncio

Por resolución da Alcaldía número 334 de data 20/07/2017 aprobouse a Resolución cuxa parte dispositiva transcribíse literalmente:

"...Vistas as atribucións que son conferidas á Alcaldía pola normativa vixente art. 21 da Lei 7/85, art. 24 R.D.781/86, art 41 R.D. 2568/86, art. 61 da Lei 5/97 de Administración Local de Galicia.

Visto o disposto nos artigos 23.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e no artigo 47 do R.D. 2568/86 polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dacordo co cal corresponde ós Tenentes de Alcalde, substituír na totalidade das súas funcións e polo orden do seu nomeamento ó Alcalde, en casos de ausencia, entre outros, esixíndose nestos casos, resolución expresa de delegación das competencias de que se trate, resolución que deberá reunir os requisitos establecidos no artigo 44 .1 e 2 do mesmo regulamento.

Visto o establecido no artigo 44.1 e 2 do R.D. 2568/86 dacordo cos cales as delegacións se realizarán por decreto de Alcaldía, con indicación das facultades que se delegan e condicións do seu exercicio, producindo efectos a resolución desde o día seguinte á data da mesma, sen perxuício da súa obrigatoria publicación no BOP.

Visto que esta Alcaldía ausentárase do termo municipal con motivo de período vacacional dende os días 21 de xullo ó día 15 de agosto de 2017 ambos inclusive.

En base ao anterior,

RESOLVO:

PRIMEIRO: *Delegar no 1º Tenente de Alcalde Don José Castor Novoa Fernández, a totalidade das funcións da Alcaldía, dende os días 21 de xullo ó día 15 de agosto de 2017 ambos inclusive.*

SEGUNDO: *Ordear a publicación da presente no taboleiro de anuncios do Concello e no Boletín oficial da Provincia.*

TERCEIRO: *Notifíquese a presente ao interesado e comuníquese ó Pleno na vindeira sesión que celebre..."*

O que remito publícase, aos efectos oportunos, de acordo co previsto no artigo 44.2 do Regulamento de Organización, funcionamento e Réxime Xurídicos das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

Chantada 20/07/2017.- O Alcalde, Manuel L. Varela Rodríguez

R. 2267

LÁNCARA

Anuncio

Por acordo da xunta de goberno local en sesión ordinaria realizada o día 5 de xullo de 2017 aprobaronse as bases reguladoras das subvencións para asociacións veciñais, culturais e comisións de festas para a celebración das festas patronais das parroquias do Concello, ano 2017, na modalidade de axudas en especie, procedendo á súa convocatoria.

"BASES DAS AXUDAS EN ESPECIE PARA ASOCIACIÓNS VECIÑAIS, CULTURAI E COMISIÓNS DE FESTAS PARA A CELEBRACIÓN DAS FESTAS PATRONAIS NAS PARROQUIAS DO CONCELLO DE LÁNCARA NO ANO 2017

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde o Concello de Láncara preténdese apoiar e incentivar a realización de actividades culturais, mediante a concesión de subvencións, a promoción e organización de actividades culturais e artísticas vinculadas á cultura popular e tradicional entendendo por cultura popular e tradicional en especial, as festas, as tradicións, os costumes, a música, os bailes e danzas, as representacións, o folclore, así como calquera outra manifestación de carácter popular e tradicional nos barrios e parroquias deste Concello.

O art. 232 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dispón que na medida no que o permitan os recursos presupostados, o Concello poderá subvencionar economicamente ás asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños, tanto polo que se refire aos seus gastos como ás actividades que realicen, que complementen ou suplan as competencias do Concello de Láncara.

BASES

PRIMEIRA.- ÁMBITO DA CONVOCATORIA.

A finalidade principal da presente convocatoria é fortalecer o movemento asociativo fomentando o desenvolvemento de actividades polas distintas entidades e asociacións veciñais e/ou comisión de festas ou ramistas das distintas parroquias.

Para cumprir este obxectivo, facilitarase mediante "axudas en especie", a prestación de certos servizos correspondentes á realización das festas patronais/veciñais organizados polas diversas asociacións, e/ou comisións de festas e/ou ramistas, contribuíndo así ó fortalecemento do tecido social e a promoción da calidade de vida e o benestar da cidadanía

SEGUNDA.- OBXECTIVOS E OBXECTO DA SUBVENCIÓN.

Os obxectivos que se pretenden acadar son:

- A organización das Festas populares e/ou parroquiais das distintas parroquias do Concello.
- A implicación das asociacións e axentes sociais de cada parroquia na realización do programa de festas parroquiais e/ou populares, así como a participación veciñal.

A presente convocatoria está destinada a financiar mediante "axudas en especie" en réxime de concorrencia non competitiva para realizar festas populares nas parroquias do Concello de Láncara, os gastos correspondentes á realización de actividades que teñan por obxecto facilitar a participación dos veciños/as na vida pública, económica, cultural e social fomentando e contribuíndo a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

Os gastos que se financiarán son os correspondentes a:

- aluguer, transporte, montaxe e desmontaxe de escenarios e carpas;
- aluguer, transporte, instalación, mantemento e manexo de equipos de iluminación e sonido;
- actuacións musicais
- aluguer, transporte, colocación e recollida de cadeiras e mesas;
- adornos florais e fogos de artificio.

Quedan excluídos en todos caso como conceptos subvencionables os produtos alimenticios e as bebidas alcohólicas.

TERCEIRA.- BENEFICIARIOS.

Poderán solicitar as subvencións reguladas na presente convocatoria as persoas físicas e/ou representantes das asociación veciñais, comisión de festas ou ramistas de todas as parroquias e lugares do Concello de Láncara que promovan festas populares e parroquiais, actuando como representantes os organizadores das mesmas e sempre que xustifiquen:

- a) Carácter tradicional dos actos para os que solicita a axuda.

b) Non ser debedor do Concello por calquera tipo de débeda de dereito público.

c) Non ser debedor coa facenda pública e coa seguridade social.

d) Declaración responsable na que consten as subvencións e/ou axudas solicitadas para a mesma finalidade, con expresión da súa contía, comprometéndose a comunicarlle ao Concello a concesión de calquera outra axuda de Entes públicos ou persoais.

e) Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario das subvencións previstas no art. 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

CUARTA.- CONTÍA E LÍMITE DAS SUBVENCIÓNS.

A cuantía das axudas repartirase entre tódalas parroquias en función do seu número de habitantes, establecendo un único elemento corrector para aquelas parroquias que non acaden con este criterio de reparto a contía mínima de 150 euros, xa que se verá incrementada ata esa contía mínima.

O importe de cada subvención non poderá superar os 3.000,00 € por anualidade, en todo caso a aportación será proporcional ó número de habitantes como xa dixemos e ao número de solicitudes presentadas.

No caso de que a solicitude presentada sexa para a celebración dunha festa conxunta entre dúas ou máis parroquias, o importe concedido será o que resulte de multiplicar o número de habitantes que sumen ámbalas dúas ou máis parroquias polo coeficiente sinalado na táboa do apartado 8) destas bases.

QUINTA.- APLICACIÓN PRESUPOSTARIA.

Para o financiamento destas subvencións destínase un crédito máximo de 11.834,68 euros que se imputará á aplicación 338.480 do Orzamento municipal do ano 2017.

SEXTA.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR.

Os interesados deberán presentar solicitude de acordo co modelo normalizado que figura como ANEXO I das presentes bases.

Á solicitude deberá unirse a seguinte documentación:

a) Fotocopia do CIF no caso de persoas xurídicas e do NIF no caso de persoas físicas. No caso de que se trate dunha agrupación de persoas ou comisión de festas deberán facer constar o nome de todos os membros e acompañarán o DNI de cada un deles. Deberá nomearse un representante ou apoderado único da agrupación, con poder bastante para cumprir os deberes que, como beneficiario, corresponden á agrupación

b) Memoria explicativa detallada do programa de actividades realizado ou que se pretende realizar, con especificación da data, lugar de realización, responsables do desenvolvemento da actividade, obxectivo e fins concretos a que se destinarán os fondos, para cada anualidade deberán presentar unha memoria.

c) Descrición do servizo e/ou actividade para o que se solicita a axuda.

d) Declaración responsable da entidade solicitante no que consten as subvencións e/ou axudas solicitadas para a mesma finalidade, con expresión da súa contía, comprometéndose a comunicarlle ao Concello a concesión de calquera outra axuda de Entes públicos ou persoais.

e) Declaración responsable de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario.

f) Declaración responsable de non ser debedor á Facenda Estatal e Autonómica, nin á Seguridade Social.

SETIMA.- LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN.

A instancia coa restante documentación solicitando a axuda, presentarase no Rexistro Xeral do Concello, Rúa Rosalía de Castro nº 17, A Pobra de San Xiao, Láncara, Lugo ou en calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común.

O prazo de presentación de solicitudes será de un mes contados a partir do día seguinte á publicación do anuncio de aprobación das presentes Bases no Boletín Oficial da Provincia.

Se as solicitudes presentadas non reúnen os requisitos sinalados, requiriráselles aos interesados para que no prazo máximo e improrrogable de dez días enmenden as anomalías advertidas, de non facelo entenderase por desistido da súa solicitude.

OITAVA.- CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS E A SÚA PONDERACIÓN.

Serán subvencionables os gastos derivados do fomento de actividades e programas relacionados coas festividades locais que se realicen entre o 1 de xaneiro e o 30 de novembro de 2017.

No caso de que o proxecto se adecúe á finalidade da subvención percibiranse as seguintes cantidades:

| PARROQUIAS | Nº HABITANTES | IMPORTE 4€ x HABITANTE |
|------------|---------------|------------------------|
| ARMEA | 56 | 224 € |
| BANDE | 81 | 324 € |
| CARRACEDO | 51 | 204 € |
| CEDRÓN | 179 | 716 € |
| GALEGOS | 79 | 316 € |
| LAGOS | 52 | 208 € |
| LAMA | 107 | 428 € |
| LÁNCARA | 187 | 748 € |
| LARÍN | 15 | (60) 150 € |
| MONSEIRO | 54 | 216 € |
| MURO | 115 | 460 € |
| NEIRA | 54 | 216 € |
| OLEIROS | 87 | 348 € |
| A POBRA | 750 | 3.000 € |
| RÍO | 73 | 292 € |
| RONFE | 103 | 412 € |
| SOUTO | 44 | 176 € |
| TOIRÁN | 137 | 548 € |
| TOLDAOS | 48 | 192 € |
| TOUBILLE | 73 | 292 € |
| TRASLISTE | 109 | 436 € |
| VILAESTEVA | 45 | 180 € |
| VILALEO | 39 | 156 € |
| VILLAMBRÁN | 26 | (104) 150 € |
| VILARELLO | 59 | 236 € |
| VILOUZÁN | 71 | 284 € |
| | | 10.912 € |

No caso de que o número de solicitudes sexa superior ao importe establecido como máximo, reduciranse proporcionalmente.

NOVENA.- INSTRUCCIÓN.

A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle aos servizos administrativos da Concellería de Cultura, que realizarán, de oficio, cantas actuacións estimen necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales se debe formular a proposta de resolución de acordo co informe de valoración emitido pola Comisión de Valoración.

DÉCIMA.- COMISIÓN DE VALORACIÓN

Estará formada polo Alcalde - Presidente, un Concelleiro do Goberno Municipal, e os portavoces da oposición, un funcionario do Concello e a Interventora que actuará como secretaria con voz e voto. A comisión terá como función a emisión dun informe no que se concrete o resultado da avaliación realizada, que se elevará á Xunta de Goberno para a súa resolución definitiva.

UNDÉCIMA.- RESOLUCIÓN.

A Xunta de Goberno Local, á vista da proposta de resolución definitiva, resolverá o procedemento.

A resolución será motivada e conterà, ademais, do solicitante ou relación de solicitantes aos que se lles concede a subvención, a desestimación do resto das solicitudes.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución será dun mes para contar desde o fin do prazo establecido para presentar as solicitudes.

Transcorrido o referido prazo sen que os interesados obteñan resposta expresa á súa solicitude, entenderase desestimada a petición.

O vencimento do prazo sen notificar a resolución da concesión, lexítima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de subvencións.

DUODÉCIMA.- ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN E COMPROMISOS.

A subvención entenderase aceptada polo solicitante se dentro do prazo de 10 días seguintes á recepción da comunicación da concesión, non manifesta nada en contra.

Os beneficiarios das subvencións, unha vez aceptadas estas, quedarán obrigados a destinar os fondos percibidos para o obxecto concreto para o que foron concedidas.

Os beneficiarios, ademais de realizar a actividade que fundamenta a concesión da subvención nos prazos sinalados, someterase ás actuacións de comprobación e seguimento da aplicación da subvención e facilitará canta información lle sexa requirida.

DÉCIMO TERCEIRA.- RECURSOS.

Contra o acordo de concesión ou desestimación cabe recurso de reposición con carácter potestativo, ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes contado desde ao día seguinte á notificación. Se o recurso de reposición se resolverse expresamente, poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte á notificación ou publicación da devandita resolución e se non fose resolto expresamente, o prazo de interposición ante o devandito Xulgado será de seis meses desde o día seguinte a aquel no que deba entenderse desestimado (art. 46.1 da Lei 29/98 en relación co 123 e 124 da Lei 39/2015).

DÉCIMO CUARTA.- DEBERES DOS BENEFICIARIOS.

Os deberes serán os xerais recollidos na Lei Xeral de Subvencións.

As actividades subvencionadas deberán incluír de forma visible a colaboración do Concello de Láncara para o que será necesario a colocación de carteis exteriores sufragados polo perceptores das axudas

DÉCIMO QUINTA.- FORMA E PRAZO DE PAGO DA AXUDA.

Por tratarse de axudas en especie, os beneficiarios das axudas non percibirán cantidade económica.

Isto implica que unha vez sexa concedida a axuda será o Concello o que efectúe directamente o pago á empresa que realice o servizo ou actividade establecido como subvencionable na base segunda contra a presentación da correspondente factura (conformada polo solicitante da axuda e pola alcaldía) e unha vez comprobada a efectiva prestación do servizo ou realización da actividade ás entidades, asociación ou persoas beneficiarias para a finalidade que fundamentou a concesión da subvención.

Non poderá realizarse o pago da axuda en especie mentres o beneficiario non se atope ao corrente no cumprimento dos seus deberes tributarios (Facenda Local, Autonómica e Estatal) ou coa Seguridade social ou sexa debedor por resolución de orixe de reintegro.

DÉCIMO SEXTA.- XUSTIFICACIÓN.

Prazo para actividades realizadas no exercicio 2017: data o día 30 de novembro de 2017 incluído.

Documentación a presentar para a xustificación: a xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos no acto de concesión da subvención realizarase mediante a presentación da seguinte documentación que constitúe un acto obrigatorio que deberá comprender o seguinte:

a) Memoria descritiva da actividade subvencionada e declaración de conformidade dos servizos ou actividades subvencionadas (ANEXO II e III):

b) A Xustificación do gasto subvencionado que deberá realizarse mediante a presentación de facturas orixinais ou fotocopias compulsadas das mesmas e demais documentación de valor probatorio ou equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil e eficacia administrativa expedidas a nome do Concello de Láncara, toda vez que se trata de axudas en especie cuxo pago se realiza consonte ó establecido na base décimo quinta.

c) Declaración xurada do beneficiario que acredite a realización da actividade e que as facturas que se presentan foron aplicadas á actividade subvencionada (ANEXO II).

d) Calquera outra documentación que lle sexa solicitada polo Concello en relación co otorgamento da subvención.

DÉCIMO SÉTIMA.- REINTEGRO DE SUBVENCIONS.

Procederá o reintegro das cantidades percibidas nos seguintes casos:

a) Obtención da subvención falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que o impedisen.

b) Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade, do proxecto ou a non adopción do comportamento que fundamenta a concesión da subvención.

c) Incumprimento do deber de xustificación ou a xustificación insuficiente.

d) Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro.

e) Incumprimento dos deberes impostos pola administración, así como dos compromisos asumidos polos beneficiarios das subvencións, sempre que afecten ou se refiran ao obxecto da subvención.

f) A adopción dunha decisión da cal se derive a necesidade de reintegro.

DÉCIMO OITAVO.- NORMAS XERAIS DAS FACTURAS.

Todas as facturas que se presenten deberán conter os datos que esixe o Real Decreto 1619/2012 do 30 de novembro, polo que se aproba a Lexislación polo que se regulan os deberes de facturar, que son os seguintes:

- a. Número de factura e indicación expresa de que se trata dunha factura.
- b. Nome e apelidos ou denominación social, número de identificación fiscal, e dirección de quen a expide e do destinatario.
- c. Descrición e data de realización da operación e a súa contraprestación total. Desagregación do IVE con indicación do tipo aplicable (non se admitirán facturas co IVE incluído)
- d. Lugar e data de emisión.

As facturas deberán estar datadas no ano no que se concedeu a subvención.

Si se está exento de IVE, engadir na factura: EXENTO DE IVE EN VIRTUDE DO ARTIGO QUE CORRESPONDA SEGUNDO Os SUPOSTOS DA LEI 37/1992, DO 28 DE DECEMBRO, DO IVE.

DISPOSICIÓN ADICIONAL:

No non previsto nas presentes bases estarase ao disposto na ordenanza xeral reguladora da concesión de subvencións municipais, bases de execución do orzamento municipal, e de maneira supletorio, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia”.

Láncara, 20 de xullo de 2017.- O alcalde, Darío A. Piñeiro López

R. 2268

Anuncio

O Pleno do Concello de Láncara en sesión ordinaria realizada o 25/05/2017 acordou aprobar inicialmente o Regulamento de orgánico municipal do Concello de Láncara. O citado acordo foi exposto ó público polo prazo de 30 días hábiles mediante anuncio publicado no BOP de Lugo de 7/06/2017 sen que durante ese prazo se presentase reclamación algunha, polo que se entende definitivo o acordo inicialmente adoptado co texto que se transcribe:

“REGULAMENTO ORGÁNICO MUNICIPAL DO CONCELLO DE LÁNCARA**Título Preliminar.- Disposicións xerais**

Artigo 1. O Concello de Láncara, no exercicio da súa potestade regulamentaria e de autoorganización que lle outorgan os artigos 4 e 20.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local, o artigo 24.b) do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local aprobado por Real Decreto 781/1986, de 18 de abril, e o artigo 4 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, e os artigos 59 a 79 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, regula a organización e o réxime de funcionamento do Concello.

Artigo 2. O presente Regulamento ten por obxecto regular a organización e o réxime de funcionamento dos órganos de goberno e administración deste municipio.

Artigo 3. Os preceptos deste Regulamento aplicaranse preferentemente sempre que non contraveñan disposicións de rango legal que sexan de obrigado cumprimento.

Artigo 4. O Concello ten a potestade de goberno e administración municipal, sendo órganos necesarios do Concello:

- O alcalde.
- Os tenentes de alcalde.
- O pleno.
- A xunta de goberno local.
- A comisión especial de contas.

Son órganos complementarios do Concello:

- Os concelleiros delegados.
- As comisións informativas.

Título I.- Estatuto dos membros das Corporacións Locais.

Artigo 5. A adquisición e perda da condición de membro da Corporación, a determinación do número de membros que a compoñen, o procedemento de elección, a duración do mandato e os supostos de inexistencia e incompatibilidade son os regulados na lexislación estatal, en concreto na Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime electoral xeral, na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local, e no Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais.

Artigo 6. Os membros da Corporación Local gozan, unha vez que tomen posesión do seu cargo, dos honores, prerrogativas e distincións propios que se establezan nas Leis estatais e nas que as desenvolvan, e están obrigados ó cumprimento estrito dos seus deberes e obrigas inherentes en aquel.

Os concelleiros electos, para as súas relacións coa Corporación, poderán elixir a notificación por medios electrónicos como preferente, facilitando neste caso unha dirección de correo electrónico ás que se enviarán todas as notificacións que lles afecten.

Artigo 7. Os membros da Corporación de Láncara teñen o dereito e o deber de asistir, con voz e voto, ás sesións do Pleno e ás de aqueles outros órganos colexiados de que formen parte, agás xusta causa que llo impida, que deberán comunicar coa antelación necesaria ó presidente da Corporación.

Artigo 8.- Os membros da Corporación de Láncara teñen dereito a recibir retribucións polo exercicio do seus cargos cando os desempeñen con dedicación parcial ou exclusiva.

Artigo 9. Todos os membros da Corporación de Láncara teñen dereito a obter do alcalde ou da xunta de goberno local cantos antecedentes, datos ou informacións obren en poder dos servizos da Corporación e resulten precisos para o desenvolvemento da súa función.

A petición de acceso á información entenderase concedida por silencio administrativo no caso de que non se dite resolución expresa no prazo máximo de cinco días, a contar dende a data de solicitude.

Artigo 10. Sen necesidade de que o membro da Corporación estea autorizado, os servizos administrativos municipais estarán obrigados a facilitar a información solicitada, nos seguintes casos:

- Cando se trate do acceso dos membros da Corporación que ostenten delegacións ou responsabilidades de xestión á información propia das mesmas.
- Cando se trate do acceso de calquera membro da Corporación á información e documentación correspondente aos asuntos que haxan de ser tratados polos órganos colexiados de que formen parte, así como ás resolucións ou Acordos adoptados por calquera órgano municipal.
- Cando se trate do acceso dos membros da Corporación á información ou documentación da Entidade Local que sexa de libre acceso para os cidadáns.

Artigo 11. Os membros da Corporación Local deben de constituirse en grupos para a súa actuación corporativa. Cada Grupo terá un mínimo de dous compoñentes. Ningún concelleiro poderá pertencer a máis dun grupo municipal.

Artigo 12. Os grupos políticos constituiranse mediante escrito dirixido ao Presidente e subscrito por todos os seus integrantes, que se presentará na secretaría da Corporación dentro dos cinco días hábiles seguintes á constitución da Corporación.

No mesmo escrito de constitución farase constar a designación de voceiro do grupo, podendo designarse tamén suplentes.

Artigo 13. Da constitución dos grupos políticos e dos seus integrantes e voceiros, o alcalde dará conta ao pleno na primeira sesión que se celebre tras cumprirse o prazo previsto no apartado anterior.

Cando a maioría dos concelleiros dun grupo político municipal abandonen a formación política que presentou a candidatura pola que concorreron ás eleccións ou sexan expulsados da mesma, serán os concelleiros que permanezan na citada formación política os lexítimos integrantes do devandito grupo político para todos os efectos.

Artigo 14. Os grupos políticos poderán usar os locais da Corporación para realizar reunións ou sesións de traballo con Asociacións para a defensa dos intereses colectivos, xerais ou sectoriais da poboación.

Artigo 15. En cumprimento do artigo 75.7 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local, constitúese un Rexistro de Intereses dos membros da Corporación, no que deberán formular unha declaración sobre causas de posible incompatibilidade e sobre calquera actividade que lles proporcione ou poida proporcionar ingresos económicos. Formularán, así mesmo, declaración dos seus bens patrimoniais. Tales declaracións inscribíranse en senllos Rexistros de Intereses.

Os membros da Corporación Local deberán realizar as declaracións antes enumeradas nas seguintes circunstancias:

- Antes de tomar posesión do seu cargo.

· Cando se produzan variacións ao longo do mandato. Neste caso, o termo para comunicar as variacións será dun mes para contar desde o día en que se produciron.

Artigo 16. A declaración de intereses deberá presentarse no Rexistro de Intereses, en documento formalizado aprobado polo pleno do Concello e deberá ser asinado polo interesado e o secretario, para dar fe.

Título II.- Da organización do Concello

Artigo 17. A elección do alcalde, seu nomeamento, a toma de posesión e a súa destitución rexense pola lexislación electoral.

A forma de votación para a elección do Alcalde poderá ser calquera das previstas no funcionamento normal da Corporación, é dicir, ordinaria, nominal ou secreta mediante papeleta, quedando a decisión do Pleno a forma de votación.

Artigo 18. O alcalde preside a Corporación e ostenta as atribucións que lle atribúe a lexislación de réxime local.

Artigo 19. Os tenentes de alcalde serán libremente nomeados e cesados polo alcalde e o seu número non poderá exceder do tercio do número legal dos membros da Corporación.

Os nomeamentos e os cesamentos faranse mediante resolución do alcalde da que se dará conta ao pleno na primeira sesión que realice, notificándose, ademais, persoalmente aos designados, e publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte da firma da resolución polo alcalde, sen nela non se dispuxese outra cousa.

A condición de tenente de alcalde pérdese, ademais de polo cese, por renuncia expresa manifestada por escrito e por perda da condición de membro da xunta de goberno local.

Artigo 20. Corresponde ós tenentes de alcalde substituír na totalidade das súas funcións e pola orde do seu nomeamento, ó alcalde nos termos previstos na lexislación de réxime local.

Artigo 21. A perda da condición de tenente de alcalde prodúcese por:

- decreto de alcaldía decidindo o cese.
- renuncia expresa por escrito.
- perda da condición de membro da Corporación.

Artigo 22. Os concelleiros delegados son aqueles concelleiros que ostentan algunhas das delegacións de atribucións realizada polo alcalde, sempre que sexa nunha das materias delegables reguladas na Lei reguladora de bases de réxime local.

A delegación de competencias deberá realizarse mediante un decreto da alcaldía, no que se especifique cales son as competencias delegadas e as condicións do exercicio da facultade delegada.

Artigo 23. Pérdese a condición de concelleiro delegado:

- Por renuncia expresa, que deberá de ser formalizada por escrito perante a alcaldía.
- Por revogación da delegación, adoptada polo alcalde coas mesmas formalidades previstas para outorgala.
- Por perda da condición de membro da Corporación Municipal.

Artigo 24. O pleno está integrado por todos os concelleiros e é presidido polo alcalde.

Artigo 25. Corresponden, en todo caso, ó pleno, as atribucións que lle reserva a lexislación de réxime local.

O pleno poderá delegar o exercicio das súas atribucións, agás as indelegables, no alcalde e na xunta de goberno local.

Artigo 26. Crease a xunta de goberno local como órgano necesario do Concello de Láncara. Está integrada polo alcalde, que a preside, e tres concelleiros nomeados libremente por él como seus membros.

Artigo 27. O alcalde pode cesar libremente, en todo momento, ós membros da xunta de goberno local. Os nomeamentos e cesamentos serán adoptados por resolución da alcaldía da que se dará conta ao Pleno na primeira sesión que se realice, notificándose, ademais, persoalmente aos designados, e publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte da firma de resolución polo alcalde, se nela non se dispuxese outra cousa.

Artigo 28. É atribución propia e indelegable da xunta de goberno local a asistencia permanente ao alcalde no exercicio das súas atribucións. A xunta de goberno local será informada de todas as decisións do alcalde. Esta información terá carácter previo á adopción da decisión sempre que a importancia do asunto así o requira. Así mesmo, terá aquelas funcións que sexan delegadas polo alcalde ou outro órgano municipal, ou outorgada por atribución da Lei.

Artigo 29. A Comisión Especial de Contas da Entidade Local estará constituída por membros dos distintos grupos políticos integrantes da Corporación, e a súa composición acomodarse á proporcionalidade existente entre os distintos grupos políticos representados na Corporación.

Correspóndelle o exame, estudo e informe de todas as contas, presupostarias e extrapresupostarias, que deba aprobar o pleno da Corporación, de acordo co establecido na Lexislación reguladora das facendas locais.

Artigo 30. O pleno do Concello poderá acordar o establecemento de Consellos Sectoriais. A finalidade destes órganos é a de canalizar a participación dos cidadáns e das súas asociacións nos asuntos municipais. Desenvolverán exclusivamente funcións de informe e, no seu caso, proposta, en relación coas iniciativas municipais relativas ao sector de actividade ao que corresponda cada Conselleiro.

A creación dos Consellos Sectoriais de Participación realizarase por Acordo do Pleno, acordando no mesmo a súa composición, organización e ámbito de actuación.

Cada Consello estará presidido por un membro da Corporación, nomeado e separado libremente polo Alcalde, que actuará como ligazón entre a Corporación e o Consello.

Título III.- Funcionamento dos órganos necesarios do Concello.

Artículo 31. As sesións do pleno do Concello poden ser de tres tipos:

- Ordinarias.
- Extraordinarias.
- Extraordinarias con carácter urgente

Artigo 32. Son sesións ordinarias aquelas cuxa periodicidade está preestablecida. Fixarase por acordo do pleno celebrado en sesión extraordinaria convocada polo Alcalde dentro dos trinta días seguintes á sesión constitutiva, a periodicidade das sesións ordinarias, que en ningún caso poderá exceder o límite fixado na Lei de administración local de Galicia, así se celebrarán polo menos cada dous meses.

Artigo 33. Corresponde ao alcalde convocar todas as sesións do pleno. Á convocatoria das sesións acompañarase a orde do día comprensivo dos asuntos para tratar co suficiente detalle, e os borradores de actas de sesións anteriores que deban ser aprobados na sesión.

A convocatoria das sesións extraordinarias deberá ser motivada.

A convocatoria, orde do día e borradores de actas deberán ser notificados aos concelleiros, mediante notificación por medios electrónicos, se é que manifestaron tal medio como a canle preferente para tal notificación e co cumprimento dos requisitos legalmente esixidos.

Se o concelleiro non elixe a notificación por medios electrónicos como canle preferente, a comunicación da convocatoria realizarase no seu domicilio, e de non designalo, realizarase no seu despacho oficial ou na oficina do grupo municipal correspondente, entregándose ao portavoz do grupo ou no seu caso ao concelleiro do grupo que se achara presente.

Entre a convocatoria e a celebración da sesión non poderán transcorrer menos de dous días hábiles, salvo no caso das sesións extraordinarias urgentes.

Artigo 34. A orde do día das sesións será fixado polo alcalde asistido da secretaría. Tamén poderá recabar a asistencia dos membros da xunta de goberno local, e consultar, si o estima oportuno, ós voceiros dos grupos existentes na Corporación.

Na orde do día das sesións ordinarias incluírase sempre o punto de rogos e preguntas.

Artigo 35. Serán nulos os acordos adoptados en sesións extraordinarias sobre asuntos non comprendidos na súa convocatoria, así como os que se adopten en sesións ordinarias sobre materias non incluídas na respectiva orde do día, salvo especial e previa declaración de urxencia feita polo órgano correspondente, co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.

Artigo 36. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día que debe servir de base para o debate e, no seu caso, votación, deberá estar a disposición dos membros da Corporación desde o mesmo día da convocatoria na secretaría da Corporación.

Calquera membro da Corporación poderá examinar esta documentación e mesmo obter copias de documentos concretos que a integren, non os orixinais, que non poderán saír do lugar no que se atopen postos de manifesto.

Artigo 37. O pleno realizará as súas sesións na Casa Consistorial, salvo nos supostos de forza maior nos que, a través da convocatoria ou por decreto de alcaldía ditada previamente e notificada a todos os membros da Corporación, poderá habilitarse outro edificio ou local para ese efecto. En calquera caso, esta circunstancia farase constar na acta.

Artigo 38. Toda sesión, sexa ordinaria ou extraordinaria, haberá de respectar o principio de unidade de actos e procurarase que termine no mesmo día do seu comezo. Se termina sen que se debateran todos os asuntos

incluídos na orde do día, o alcalde poderá levantar a sesión. Neste caso os asuntos non debatidos deberán incluírse na orde do día da seguinte sesión.

Artigo 39. As sesións do pleno serán públicas. O debate e a votación poderán ser secretos cando afecten ao dereito a honra, a intimidade persoal e familiar e á propia imaxe (artigo 18.1 da Constitución), ou sexa acordado por maioría absoluta.

Artigo 40. O público que asista ás sesións plenarias non pode participar nelas, nin manifestar agrado ou desagrado, podendo o alcalde proceder, en casos extremos á expulsión do asistente que por calquera causa impida o normal desenvolvemento da sesión. Unha vez levantada a sesión, a Corporación pode establecer unha quenda de consultas polo público asistente sobre temas concretos de interese municipal.

Artigo 41. Para a constitución válida do pleno, requírese a asistencia dun tercio do número legal de membros da Corporación, que nunca poderá ser inferior a tres. Este quórum deberá manterse durante toda a sesión.

Sempre deberán asistir o presidente e o secretario da Corporación, ou quen legalmente lles substitúan.

Se realizada a primeira convocatoria non existise o quórum necesario, entenderase automaticamente convocada á mesma hora, dous días despois.

Se na segunda convocatoria tampouco se alcanzase o quórum necesario, os asuntos previstos a tratar pospoñeranse para o estudo na primeira sesión que se celebre con posterioridade, sexa ordinaria ou extraordinaria.

Artigo 42. As sesións comezarán preguntando o presidente se algún membro da Corporación ten que formular observación á acta da sesión anterior.

Se non houberse observacións considerárase aprobada e se as houberse debateranse e decidirán as rectificacións que procedan.

O fondo dos acordos non poderá ser modificado en ningún caso, e soamente poderanse emendar erros materiais ou de feito.

Os asuntos debateranse e votarán pola orde en que estivesen relacionados na orde do día.

O alcalde poderá alterar a orde dos asuntos, retirar un asunto cando a súa aprobación esixira unha maioría especial e esta non puidera obterse no momento previsto inicialmente na orde do día.

Nas sesións ordinarias, unha vez que concluíu a orde do día, o alcalde preguntará se algún grupo político desexa someter á consideración do pleno por razóns de urxencia algún asunto non incluído na orde do día, se así fóra, o portavoz dese grupo político propoñerá o punto que se quere tratar e a urxencia do mesmo, votándose sobre a procedencia ou non do debate.

Artigo 43. Durante o debate, calquera concelleiro poderá pedir que se retire algún expediente para que se incorporen ao mesmo documentos ou informes, e tamén se poderá solicitar que o expediente quede sobre a mesa, aprazándose a súa discusión para a seguinte sesión.

En ambos supostos, a petición deberá ser votada, e tras terminar o debate e antes de proceder a votar sobre o fondo do asunto, se a maioría simple votase a favor da petición, non haberá lugar a votar a proposta do acordo.

Artigo 44. Cando sexan asuntos que non se incluíron na orde do día e que requiran informe preceptivo da secretaría-intervención deste Concello, se estes informes non se puidesen emitir no acto, deberase solicitar do alcalde que se aprace o seu estudo quedando sobre a mesa ata a próxima sesión.

Se a petición non fose atendida, a secretaría farao constar expresamente na acta.

Artigo 45. A consideración de cada punto incluído na orde do día comezará coa lectura íntegra ou en extracto da proposición que se somete ao pleno. A solicitude de calquera grupo deberá darse lectura íntegra a aquelas partes do expediente que se considere conveniente para mellor comprensión.

Se ninguén solicita a palabra tras a lectura, o asunto someterase directamente a votación.

Artigo 46. Se se promove o debate, as intervencións serán ordenadas polo alcalde, conforme ás seguintes regras:

- Só poderá facerse uso da palabra previa autorización do alcalde.
- O debate iniciarase cunha exposición e xustificación da proposta, a cargo dalgún membro da Corporación que subscriban a proposición ou moción, en nome propio ou do colectivo e órgano municipal proponente da mesma.
- A continuación, os diversos grupos consumirán unha primeira quenda. O alcalde velará para que todas as intervencións teña unha duración igual.
- Quen se considere aludido por unha intervención poderá solicitar do alcalde que se conceda unha quenda por alusións, que será breve e conciso.

· Se o solicitase algún grupo, procederase a unha segunda quenda. Consumido este, o alcalde pode dar por terminada a discusión que se pechará cunha intervención do relator na que brevemente ratificará ou modificará a súa proposta.

· Non se admitirán outras interrupcións que as do alcalde para chamar á orde ou á cuestión debatida.

Os membros da Corporación poderán en calquera momento do debate pedir a palabra para expoñer unha cuestión de orde, invocando para o efecto a norma cuxa aplicación reclama. O alcalde resolverá o que proceda, sen que por este motivo se produza debate algún.

O funcionario responsable da Secretaría-Intervención poderá intervir cando foren requiridos polo alcalde por razóns de asesoramento técnico ou aclaración de conceptos. Cando devanditos funcionarios entendan que no debate se expuxo algunha cuestión sobre a que poida dubidarse sobre a legalidade ou repercusións orzamentarias do punto debatido poderán solicitar ao alcalde o uso da palabra para asesorar á Corporación.

Artigo 47. O alcalde poderá chamar á orde a calquera membro da Corporación que:

· Profira palabras ou verta conceptos ofensivos ao decoro da Corporación ou dos seus membros, das Institucións Públicas ou de calquera outra persoa ou Entidade.

· Produza interrupcións ou, de calquera outra forma, altere a orde das sesións.

· Pretenda facer uso da palabra sen que lle fora concedida ou unha vez que lle fora retirada.

Tras tres chamadas á orde na mesma sesión, con advertencia na segunda das consecuencias da terceira chamada, o alcalde poderá ordenarlle que abandone o local en que se estea celebrando a reunión, adoptando as medidas que considere oportunas para facer efectiva a expulsión.

Artigo 48. Cando de conformidade co artigo 76 da Lei Reguladora de bases de réxime local algún membro da Corporación deba absterse de participar na deliberación e votación, deberá abandonar o Salón mentres se discute e vota o asunto, salvo cando se trate de debater a súa actuación como corporativo, en que terá dereito a permanecer e defenderse.

Artigo 49. A terminoloxía que para os efectos do desenvolvemento das sesións e para definir o carácter das intervencións dos membros da Corporación será a seguinte:

· Ditame: é a proposta sometida ao Pleno tras o estudo do expediente pola Comisión Informativa. Contén unha parte expositiva e un Acordo para adoptar.

· Proposición: é a proposta que somete ao Pleno relativa a un asunto incluído na orde do día, que acompaña á convocatoria. Conterá unha parte expositiva ou xustificación e un acordo, así mesmo, a adoptar.

· Moción: é a proposta que se somete directamente a coñecemento do pleno. Poden ser mocións políticas ou propostas de acordo non resolutivas, ás que se refire o artigo 46.2 e) da LBRL, as cales deberían formar parte da parte non resolutiva da orde do día, ou ben mocións de urxencia de carácter resolutivo, presentadas e tramitadas conforme ao previsto no artigo 91.4 e 97 do ROF.

· Voto particular: é a proposta de modificación dun ditame formulada por un membro que forma parte da Comisión Informativa. Deberá acompañar ao Ditame desde o día seguinte á súa aprobación pola Comisión.

· Emenda: é a proposta de modificación dun ditame ou proposición presentada por calquera membro, mediante escrito presentado ao Presidente antes de iniciarse a deliberación do asunto.

· Rogo: é a formulación dunha proposta de actuación dirixida a algúns dos órganos de goberno municipal. Os rogos formulados no seo do pleno poderán ser debatidos, pero en ningún caso sometidos a votación. Poden formular rogos todos os membros da Corporación, ou os grupos municipais a través dos seus portavoces. Os rogos poderán ser efectuados oralmente ou por escrito e serán debatidos xeralmente na sesión seguinte, sen prexuízo de que o poidan ser na mesma sesión que se formulen se o alcalde o estima conveniente.

· Pregunta: é calquera cuestión exposta aos órganos de goberno no seo do pleno. Poden formular preguntas todos os membros da Corporación, ou os grupos municipais a través dos seus portavoces. As preguntas expostas oralmente no transcurso dunha sesión serán xeralmente contestadas polo seu destinatario na sesión seguinte, sen prexuízo de que o preguntado queira darlle resposta inmediata. As preguntas formuladas por escrito serán contestadas polo seu destinatario na sesión seguinte, sen prexuízo de que o preguntado queira darlle resposta inmediata. As preguntas formuladas por escrito con vinte e catro horas de antelación, serán contestadas ordinariamente na sesión ou, por causas debidamente motivadas, na seguinte.

Artigo 50. Unha vez debatidos os asuntos da orde do día procederase á súa votación. Antes de comezar a votación, o alcalde exporá clara e concisamente os seus termos e a forma de emitir o voto. Iniciada a votación, esta non poderá interromperse por ningún motivo. Durante o desenvolvemento da votación o alcalde non concederá o uso da palabra e ningún membro corporativo poderá entrar no Salón ou abandonalo.

Artigo 51. O pleno do Concello adopta os seus acordos, como regra xeral, por maioría simple dos membros presentes. Existe maioría simple cando os votos afirmativos son mais que os negativos.

Entenderase por maioría absoluta cando os votos afirmativos son máis da metade do número legal de membros da Corporación e será necesaria nos supostos enumerados no artigo 47.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local.

O voto dos concelleiros é persoal e indelegable.

Artigo 52. O sentido do voto pode ser afirmativo ou negativo, podendo os membros da Corporación absterse de votar.

A efectos da votación correspondente, considerarase que se absteñen os membros da Corporación que se ausentaron do Salón de Sesións unha vez iniciada a deliberación dun asunto e non estivesen presentes no momento da votación.

No caso de votacións con resultado de empate, decidirá o voto de calidade do alcalde.

Artigo 53. As votacións poderán ser de tres tipos:

- Ordinarias: aquelas que se manifestan por signos convencionais de asentimiento, disentimiento ou abstención.

- Nominais: aquelas votacións que se realizan mediante chamamento por orde alfabética de apelidos e sempre en último lugar o alcalde, na que cada membro da Corporación, ao ser chamado, responde en voz alta "si", "non" ou "abstéñome".

- Secretas: votacións que se realizan por papeleta que cada membro da Corporación irá depositando nunha urna ou bolsa.

O sistema normal será a votación ordinaria.

A votación nominal requirirá a solicitude dun grupo municipal aprobada polo pleno por unha maioría simple en votación ordinaria.

A votación secreta só poderá utilizarse para a elección ou destitución de persoas.

Artigo 54. O control e fiscalización polo pleno da actuación dos demais órganos de goberno exercerase a través dos seguintes medios:

- Requirimento de presenza e información de membros corporativos que ostenten delegación.

- Debate sobre a actuación da xunta de goberno local.

- Cuestión de confianza e moción de censura ao alcalde.

- Mocións, rogos e preguntas, de conformidade co artigo 46.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local.

Artigo 55. De cada sesión plenaria a secretaría do Concello estenderá a correspondente acta.

Artigo 56. A xunta de goberno local celebrará sesión constitutiva, a convocatoria do alcalde, dentro dos dez días seguintes a aquel en que este designase aos membros que a integran.

Realizarase por parte da xunta de goberno local sesión ordinaria a primeira e terceira semana de cada mes.

Corresponde ao alcalde fixar, mediante decreto, o concreto día da semana e a hora en que deba celebrarse sesión ordinaria.

As sesións extraordinarias e as urxentes terán lugar cando, con tal carácter, sexan convocada polo alcalde.

O alcalde poderá en calquera momento reunir á xunta de goberno local cando estime necesario coñecer o seu parecer ou pedir a súa asistencia con anterioridade a ditar resolucións en exercicio das atribucións que lle correspondan.

Artigo 57. As regras especiais de funcionamento da xunta de goberno Local son as seguintes:

- Entre a convocatoria e a celebración da sesión non poderán transcorrer menos de vinte e catro horas, salvo no caso das sesións extraordinarias e urxentes nas que, antes de entrar a coñecer os asuntos incluídos na orde do día, deberá ser declarada a urxencia por acordo favorable da maioría dos membros.

- As sesións da xunta non serán públicas, sen prexuízo da publicidade e comunicación á Administración Estatal e Autonómica dos acordos adoptados. No prazo de dez días deberá enviarse, por correo electrónico, a todos os membros da Corporación copia do acta.

- Para a válida constitución da xunta de goberno local requírese a asistencia da maioría absoluta dos seus compoñentes. Se non existise quórum, constituirase en segunda convocatoria, unha hora despois da sinalada para a primeira, sendo suficiente a asistencia da terceira parte os seus membros e, en todo caso, un número non inferior a tres.

- O alcalde dirixe e ordena ao seu prudente arbitrio os debates no seo da xunta.

· Nos casos en que a xunta de goberno local exerza competencias delegadas polo Pleno, será preceptivo o previo informe da Comisión Informativa correspondente.

· As actas das sesións da xunta de goberno Local transcribíranse en libro distinto do das sesións do pleno.

A xunta de goberno local nas súas reunións deliberantes non poderá adoptar ningún acordo, formalizárase en forma de ditames.

Título IV.- Do estatuto do veciño.

Artigo 58. Son dereitos e deberes dos veciños:

· Ser elector e elexible de acordo co disposto na Lexislación electoral.

· Participar na xestión municipal de acordo co disposto nas Leis e, no seu caso, cando a colaboración con carácter voluntario dos veciños sexa interesada polos órganos de goberno e administración municipal.

· Utilizar, de acordo coa súa natureza, os servizos públicos municipais, e acceder aos aproveitamentos comunais, conforme ás normas aplicables.

· Contribuír mediante as prestacións económicas e persoais legalmente previstas á realización das competencias municipais.

· Ser informado previa petición razoada e dirixir solicitudes á administración municipal en relación con todos os expedientes e documentación municipal, de acordo co previsto no artigo 105 da Constitución.

· Pedir a consulta popular nos termos previstos na Lei.

· Esixir a prestación e, no seu caso, o establecemento do correspondente servizo público, no suposto de constituír unha competencia municipal propia de carácter obrigatorio.

· Exercer a iniciativa popular nos termos previstos no artigo 70.bis da Lei 7/1985, do 2 de abril Reguladora das bases de réxime local.

· Aqueloutros dereitos e deberes establecidos nas leis.

Artigo 59. O Concello comprométese a recoller as opinións e propostas dos veciños a través de:

· As canles de participación cidadá establecidas polo presente regulamento.

· Por medio das normais relacións coas entidades cidadás.

· A través das asembleas ou actos informativos que se convocarán cando se aproben planos de urbanismo, ordenanzas, regulamentos e outros temas de gran transcendencia e interese xeral.

Artigo 60. O Concello do Láncara favorecerá o desenvolvemento das asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños, facilitaralles a máis ampla información sobre as súas actividades e, dentro das súas posibilidades o uso dos medios públicos e o acceso ás axudas económicas para a realización das súas actividades e impulsar a súa participación na xestión da corporación.

Artigo 61. A participación cidadá nos órganos de goberno:

1. Cando algunha das asociacións ou entidades cidadá ás que se refire o artigo 72 da Lei 7/1985 desexe efectuar unha exposición perante o pleno en relación con algún punto da orde do día, deberá dirixirlle un escrito ao alcalde cunha antelación de setenta e dúas horas do comezo da sesión.

2. Coa autorización do alcalde, a asociación ou entidade, a través dun único representante, poderá expoñer o seu parecer, durante o tempo que se lle sinale, con antelación á lectura, debate e votación da proposta incluída na orde do día.

3. O membro da asociación ou entidade que interveña no pleno será o que legalmente a represente segundo os seus estatutos ou outro membro da xunta directiva nomeado expresamente para tal fin. En todo caso, deberase acreditar a representación ostentada.

4. Rematada a sesión ordinaria do pleno, o alcalde poderá abrir unha quenda de rogos e preguntas por medio dos representantes das asociacións, entidades cidadás ou persoas a nivel individual asistentes sobre temas concretos de interese municipal xeral.

5. Para ordenar esta participación directa perante o pleno da corporación, quen desexe intervir na dita quenda deberallo solicitar por escrito ao alcalde con 72 horas de antelación á da celebración da sesión.

6. Con autorización do alcalde formularanse os rogos e preguntas perante o Pleno con brevidade, axustándose ao solicitado previamente por escrito.

7. De tratarse dunha consulta de carácter informativo, será contestada por escrito nun prazo máximo de 30 días, sen prexuízo de que se poida dar unha resposta inmediata. Se se trata dunha proposta de actuación, o alcalde decidirá a consideración ou non do rogo e a tramitación que se lle teña que dar, notificándolle esta resolución á asociación, entidade ou persoa que a formulou.

8. O secretario notificaralle a autorización do alcalde ao representante da asociación, entidade cidadá ou persoa interesada en intervir na sesión plenaria.

9. A través da secretaría do Concello daráselles resposta escrita ás preguntas formuladas e notificarase a resolución adoptada con relación aos rogos presentados ao pleno.

Artigo 62. Cando algunha entidade ou veciño vaia a intervir no pleno, este poderá solicitar o acceso ao expediente sobre o que vaia a intervir e só poderá denegarse cando afecte a materias reservadas polas leis. A denegación deberá facerse mediante resolución razoada.

Artigo 63. Crease o no rexistro de entidades declaradas de interese público municipal. Todas as entidades legalmente constituídas que a súa área de actuación quede delimitada polo municipio de Láncara ou parte deste, poden optar ou quedar incluídas no rexistro de entidades declaradas de interese público municipal.

Baixo o termo de entidades quedan agrupadas as asociacións de veciños, asociacións xuvenís, asociacións empresariais e de servizos, e todas as entidades culturais, recreativas e deportivas que sexan democráticas, pluralistas e se caractericen pola defensa dos intereses xerais do municipio.

Artigo 64. Todas as entidades que aspiren a inscribirse no citado rexistro terán que presentar:

- O censo de socios inscritos no momento da solicitude.
- Unha memoria das actividades que realiza.
- Copia dos estatutos vixentes.
- A acta da última asemblea xeral de socios na cal fose elixida a xunta vixente no día da inscrición, detallando os cargos e as persoas que a compoñen.

O Concello só lles recoñecerá dereitos ás entidades que fosen inscritas no Rexistro municipal destinado para tal efecto.

Artigo 65. O Concello resérvase a facultade de rexeitar a admisión no indicado rexistro a toda entidade que non garanta nos seus estatutos o seu funcionamento democrático e o seu carácter sen ánimo de lucro.

Artigo 66. Mentres non sexan modificados os estatutos da entidade, cada ano considerárase renovada a súa inscrición. No caso de que haxa modificacións nos estatutos dunha entidade esta quedará obrigada a presentarlle os novos estatutos ao Concello, o cal decidirá de conformidade co artigo anterior.

O órgano municipal que resolverá sobre a admisión ou non dunha entidade será a xunta de goberno local nun prazo de 15 días desde a solicitude.

Artigo 67. En todo caso, para os efectos de que continúe a vixencia da inscrición, todas as entidades rexistradas no rexistro de entidades declaradas de interese municipal, terán que presentar no Concello a finais de cada ano e antes do 30 de xaneiro do ano seguinte, unha memoria das actividades e actos realizados no transcurso do ano, así como do número de socios no 31 de decembro, ao igual que as modificacións producidas na composición da xunta.

Artigo 68. As entidades que figuren no rexistro de entidades declaradas de interese municipal, terán os seguintes dereitos recoñecidos:

- Ser beneficiarios dos convenios, subvencións e axudas (técnicas e económicas) que o Concello poida ofrecer para o desenvolvemento e potenciación das súas actividades.
- Participar nos consellos municipais dos sectores correspondentes e/ou nas comisións informativas que poida crear o Concello.
- Acollerse automaticamente aos dereitos de propostas, intervención e consulta.
- Ter acceso á utilización dos locais municipais de uso público para o desenvolvemento de todo tipo de actos e actividades programadas pola asociación.

Artigo 69. No non previsto neste regulamento serán de aplicación supletoria as disposicións xerais sobre réxime local estatal e autonómica.

Disposición final

O presente Regulamento entrará en vigor ó día seguinte da súa íntegra publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo".

A Pobra de San Xiao (Láncara).- 20 de xullo de 2017.- O alcalde, Darío A. Piñeiro López

RIBEIRA DE PIQUÍN*Anuncio*

De conformidade co acordo da Xunta de Goberno Local, reunida en sesión extraordinaria, do día 27 de xullo de 2017, por medio do presente anuncio efectúase convocatoria do procedemento aberto, atendendo á oferta economicamente máis vantaxosa, tramitación urxente, con varios criterios de adxudicación, para a adxudicación do contrato de obras de "Intervención parcial en edificación dotacional para creación de Centro de Día de Persoas Maiores en Chao de Pousadoiro", conforme aos seguintes datos:

1.- Entidade adxudicadora.

- a) Organismo: Concello de Ribeira de Piquín.
- b) Número de expediente: 50/2017.

2.- Obxecto do contrato.

- a) Descrición do obxecto: Intervención parcial en edificación dotacional para creación de Centro de Día de Persoas Maiores en Chao de Pousadoiro.
- b) Lugar de execución: Chao de Pousadoiro-Concello de Ribeira de Piquín.

3.- Tramitación e procedemento.

- a) Tramitación: Urxente.
- b) Procedemento: Aberto, con multiplicidade de criterios de adxudicación.

4.- Presuposto de licitación.

217.397,73€ máis 45.653,52€ de IVE (Total: 263.051,25€).

5.- Garantías.

Provisional: Non se esixe.
Definitiva: 5% do importe de adxudicación (excluído o IVE).

6.- Obtención de documentación e información.

Entidade: Concello de Ribeira de Piquín.
Enderezo: Chao de Pousadoiro, s/n
Localidade e Código Postal: Ribeira de Piquín - C.P.: 27242.
Teléfono: 982-333601.
Fax: 982-333735.

Perfil do contratante: www.ribeiradepiquin.es (enlace a www.contratosdegalicia.es).

7.- Clasificación do contratista: Non se esixe.**8.- Presentación de ofertas.**

a) Prazo de presentación: Dentro do prazo de 13 días naturais, a contar dende o seguinte ao da publicación do presente anuncio de licitación no BOP, en horario de 9:00 a 14:00 horas.

b) Hora límite: As 14:00 horas do derradeiro día do prazo de presentación.

c) Documentación a presentar: A sinalada na cláusula oitava do prego de cláusulas administrativas particulares que rexerán a contratación. SOBRE A: Declaración responsable, segundo modelo. SOBRE B: Oferta económica, segundo modelo, e documentos relativos aos criterios de valoración cuantificables de forma automática.

d) Lugar de presentación: Concello de Ribeira de Piquín. Rexistro Xeral: Chao de Pousadoiro, s/n - C.P. 27242- Ribeira de Piquín.

9.- Criterios de adxudicación do contrato.

- 9.1. Prezo, cláusula novena A) do prego.
- 9.2. Redución do prazo de execución, cláusula novena B1) do prego.
- 9.3. Melloras de obra, cláusula novena B2) do prego.

10.- Apertura de ofertas.

Data e hora: Luns 21 de agosto do 2017 ás 10:00 horas na Casa Consistorial do Concello de Ribeira de Piquín. No caso en que non sexa posible a constitución da Mesa de Contratación no prazo indicado, dita

circunstancia comunicarse aos invitados á licitación, incluíndo o sinalamento de novo día e hora para a apertura dos sobres.

11.- Outra información: A obter no lugar e polos medios indicados no punto 6 do presente anuncio.

12.- Gastos do adxudicatario.

Serán de conta do adxudicatario os gastos sinalados nos pregos de cláusulas administrativas particulares.

Ribeira de Piquín, 27 de xullo de 2017.- Alcalde, Roberto Fernández Rico,

R. 2320

MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) - BURELA

Anuncio

BASES REGULADORAS DE LA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES PARA LA PROMOCION DE ACTIVIDADES SOCIALES DESENVOLVIDAS POR ASOCIACIONES SOCIALES DEL AYUNTAMIENTO DE BURELA EN EL EJERCICIO 2017.

BDNS(Identif.):357522

PRIMERA. OBJETO.

Conforme a lo dispuesto en la Ley 7/1985, de bases de régimen local, en la Ley 5/1997, de la administración local de Galicia, en la Ley 38/2003, general de subvenciones y en el Real Decreto 887/2006 por el que se aprueba su reglamento, en la Ley 9/2007 de subvenciones de Galicia y en el Decreto 11/2009, de 8 de enero, por el que se aprueba el Reglamento de la Ley, así como en el Reglamento de servicios de las corporaciones locales, con la finalidad de poder asignar los recursos necesarios a las prioridades señaladas, esta convocatoria tiene por objeto establecer los criterios y procedimientos para la concesión de subvenciones, durante el ejercicio 2017, destinadas a promover actividades de las asociación sociales y asistencias del Ayuntamiento de Burela, de acuerdo con los principios de objetividad, concurrencia y publicidad.

A través de la presente convocatoria, se proponen la consecución de los siguientes objetivos:

1.1. OBJETIVOS ESTRATÉGICOS, O DE PRIMER NIVEL.

Apoyo a las entidades sociales y contribuir para que consigan los objetivos que le son propios.

Fomentar la participación de la ciudadanía en cada ámbito de actuación, contribuyendo, de esta forma, a impulsar la democratización de la sociedad

Apoyo a las acciones tendentes a impulsar actividades destinadas a personas mayores, discapacitados/as, inmigrantes y en general a la inserción en la sociedad de colectivos desfavorecidos y al fomento d a igualdad..

1.2. OBJETIVOS INSTRUMENTALES, O DE SEGUNDO NIVEL.

Para la consecución de los objetivos estratégicos, se establecen las siguientes líneas de actuación:

Promover la participación del vecindario en la vida de las entidades o asociaciones sociales.

Promover la complementariedad de las asociaciones, que desarrollan tareas potencialmente susceptibles de ser asumidas directamente por el propio Ayuntamiento.

SEGUNDA. GASTOS SUBVENCIONABLES.

Podrán ser subvencionados, los gastos vinculados a actividades de índole social desarrolladas por los sujetos indicados en la base cuarta.

Se considerarán gastos subvencionables, aquellos que de manera indudable respondan a la naturaleza de la actividad subvencionada, y se realicen en el plazo establecido en la convocatoria.

Los gastos derivados de la organización y realización de las actividades subvencionadas: material fungible, así como, inventariable relacionado directamente con las actividades subvencionables.

Seguros de responsabilidad civil y accidentes, con los pertinentes certificados y facturas.

Retribuciones a personal técnico y de los monitores que tengan una relación laboral o de arrendamiento de servicios con la entidad, se acreditará mediante factura o nómina. Sólo se aceptará minuta cuando se refleje la correspondiente retención de IRPF, y la repercusión del IVA.

Los gastos correspondientes a voluntarios o monitores que colaboren con la entidad o asociación impartiendo alguna actividad, curso, etc, de forma esporádica, derechos de arbitraje, conferenciantes, podrán justificarse presentando un recibo o minuta que contendrá los siguientes datos.

- Nombre, CIF y dirección de la entidad.
- Nombre, apellidos, NIF y dirección del monitor.
- La cantidad que recibe y la correspondiente retención de IRPF.
- El concepto por el que se paga (actividad, curso, ...)
- Fechas en las que se impartió la actividad, curso..
- Lugar y fecha de la emisión del recibo.
- Firma del monitor o voluntario.
- Certificación del Secretario/a de la entidad declarando que el perceptor es persona ajena a la entidad.
- Declaración jurada del perceptor conforme a que la cantidad recibida es en concepto de gratificación por su colaboración.

Gastos corrientes de mantenimiento de instalaciones (alquiler. agua, luz, teléfono, consumibles, oficina, IBI...).

No se subvencionarán:

Aquellas actividades que tengan como único o principal objetivo la celebración de una comida entre los miembros de la asociación o entidad social.

Los viajes que no acrediten su carácter eminentemente social.

La realización de obras.

Las actividades que reciban subvención nominativa recogida en el Artículo 40 de las Bases de Ejecución.

Los gastos de protocolo o representación y de telefonía móvil.

2.2. Momento de realización de los gastos financiados.

Los gastos para los que se solicite la aportación municipal deberán ser efectuados dentro del ejercicio 2017.

TERCERA. PRESUPUESTO.

La cuantía máxima destinada a esta convocatoria asciende a 7.700 €. imputables a la aplicación presupuestaria 231.489.

CUARTA. BENEFICIARIOS.

Podrán optar a estas subvenciones las asociaciones sociales existentes en el Ayuntamiento de Burela, legalmente constituidas, y que figuren inscritas en el registro municipal de asociaciones, siempre y cuando cuenten con domicilio social y sede territorial en el Ayuntamiento de Burela y cuenten con los datos de inscripción debidamente actualizados al punto de solicitar la aportación.

No podrán optar a estas subvenciones las personas y entidades a las que se refieren los artículos 13.2 y 13.3 de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones.

Las asociaciones solicitantes tienen que estar al día en sus deberes tributarios (AEAT y Hacienda), así como, con la Seguridad Social.

Las entidades solicitantes no podrán tener pendiente de justificación ninguna ayuda anterior del Ayuntamiento, a no ser que les haya sido concedida una prórroga.

QUINTA. LUGAR Y PLAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

1.- Lugar de presentación de solicitudes.

Las solicitudes deberán ser presentadas en el Registro General del Ayuntamiento de Burela, o en cualquiera otros registros públicos a los que se refiere el artículo 16.4 de la Ley 39/15, de 01 de octubre, del procedimiento administrativo común de las administraciones públicas. En el caso de presentar solicitud a través de una oficina de correos, deberán remitir por fax justificante de su presentación en plazo.

2.- Plazo de presentación.

El plazo para presentar las solicitudes será de 30 DÍAS NATURALES desde la publicación de anuncio de estas bases en el DOG/BOP. En caso de finalizar en un día inhábil, este plazo se entenderá extendido hasta el inmediato hábil siguiente.

3.- Documentación integrante de las solicitudes.

Las solicitudes deberán presentarse en los modelos normalizados que figuran como anexos a las presentes bases y que se publicarán en la sede electrónica del Ayuntamiento de Burela <https://burela.sedelectronica.es>.

SEXTA. DOCUMENTACIÓN, TRAMITACIÓN Y RESOLUCIÓN.

1. DOCUMENTACIÓN DE SOLICITUD:

Declaración responsable del representante legal de la entidad según ANEXO II.

Copia del documento nacional de identidad del representante de la entidad.

Copia compulsada de los estatutos de la entidad.

Certificación original de la entidad donde haga constar el domicilio social actual y los miembros de la actual junta directiva.

Declaración jurada del representante de ayudas/subvenciones o patrocinios (sin aportación económica) solicitadas y concedidas por otras administraciones para la misma actividad.

Copia del CIF de la entidad.

Documentación a tumba abierta probatoria de los criterios objeto de valoración.

a. VALORACIÓN DE LA ASOCIACIÓN.- (20 ptos máximo)

1º.- Número de socios/as de pleno derecho al corriente de pago, mediante certificación del secretario/a de la asociación en la que se haga constar

número de socios/as.

2º.- Antigüedad en el Registro Municipal de Asociaciones, mediante certificación del secretario/a de la asociación en la que se haga constar la fecha de constitución de la asociación.

b. VALORACIÓN DE LA IMPLICACIÓN EN EL ENTRAMADO CULTURAL DEL AYUNTAMIENTO: (Máximo 100 ptos.)

1º.- Ser responsables máximos de un evento cultural (no solo festejos) de alto interés cultural para el Ayuntamiento (Carnavales, Navidad, Semana Santa, exposiciones y muestras artísticas, certámenes literarios, de escultura, de pintura, de cine o de cualquiera otra clase), mediante documentación justificativa de la organización de dicho evento.

2º.- Por actividades llevadas a cabo por la asociación en colaboración con la Concejalía de Cultura durante lo 2016, mediante documentación original de la entidad en la que se haga constar las actividades desarrolladas bajo organización de la Concejalía de Burela.

3º.- Participación en actividades de voluntariado en general, no sólo culturales o educativas, (en nombre de la Asociación que conste en el registro de Voluntarios del Ayuntamiento), mediante documentación original de la entidad.

c. VALORACIÓN DE LOS PROGRAMAS DE ACTIVIDADES.- (Máximo 20 puntos) Mediante memoria explicativa en la que se haga constar de manera independiente cada uno de los criterios objeto de valoración.

d. VALORACIÓN PRESUPUESTARIA.- (Máximo 10 puntos)

1.- Subvenciones de otras Administraciones o Entidades Públicas, mediante anuncio publicado en el diario oficial correspondiente o mediante certificación expedida por la autoridad pública competente.

2.- Gastos Totales Realizados en el año 2016, certificación del secretario/a de la asociación.

j) Certificación bancaria de la cuenta en la que tenga que efectuarse el ingreso de la subvención.

Nombre de la persoa que presenta la solicitude

(Presidente de la asociación).

NIF

Dirección

Municipio

Tfno.

Correo electrónico

Actuando en representación de (datos de la entidad solicitante):

Nombre

CIF

Dirección

Localidad

Nº de Rexistro Municipal de Asociación

Nº de asociados

Secretario/a

Enderezo electrónico

Teniendo conocimiento de la línea de ayudas convocadas por el Ayuntamiento de Burela para la promoción de la actividades realizadas por asociaciones culturales durante el ejercicio 2017, SOLICITO al amparo de la misma la concesión de una aportación para la realización de las actividades indicadas a continuación:

Nota.- Se deberá describir, DE MANERA SUFICIENTEMENTE DETALLADA, la actividad para la que se solicita la subvención, así como el fin u objetivo que se espera conseguir con los mismos, de hecho que resulte posible contrastar su efectiva consecución. En caso de que el espacio ofrecido en este cuadro no había sido suficiente, podrán emplearse los documentos que resulten precisos, que serán presentados junto con esta solicitud).

CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES PARA LA PROMOCIÓN DE ACTIVIDADES LLEVADAS A CABO POR ASOCIACIONES CULTURALES DEL AYUNTAMIENTO DE BURELA EN EL EJERCICIO 2017.

ANEXO 2

DECLARACIÓN RESPONSABLE DEL/A PRESIDENTE/A DE LA ENTIDADE

Nombre

NIF

Dirección

Municipio

Tfno.

Correo electrónico

Presidente de la siguiente asociación, y actuando en su representación (datos da entidade):

Nombre

CIF

DECLARO:

Que CONOZCO Y ACEPTO las bases de la convocatoria promovida por el Ayuntamiento de Burela para la promoción de actividades llevadas a cabo por asociaciones culturales en el ejercicio 2016, y que no estoy incurso de incompatibilidad o incapacidad alguna para contratar y percibir subvenciones de la administración pública.

Que la entidad por mí representada está al corriente de sus deberes tributarios y con la Seguridad Social, no estando incurso en ninguna otra causa que suponga o pueda suponer obstáculo legal para su acceso a la condición de beneficiario de una aportación al amparo de la presente convocatoria.

Que la entidad por mí representada se compromete a difundir en la publicidad de las actividades o inversiones subvencionadas el carácter público de la financiación, indicando expresamente la colaboración del Ayuntamiento de Burela, insertando su logo oficial en todo el material que se utilice para dicha difusión.

Que la entidad por mí representada se somete a las actuaciones de comprobación y a la aportación de la documentación que el Ayuntamiento de la Burela pueda acordar para comprobar que las actuaciones a las que dedique la subvención, en caso de que nos fuera concedida, se corresponden con los fines para los que se solicita.

-----, ___ de ----- de 2017.

EL/LA PRESIDENTE DE LA ENTIDAD

CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES PARA LA PROMOCIÓN DE ACTIVIDADES LLEVADAS A CABO POR ASOCIACIONES CULTURALES DEL AYUNTAMIENTO DE BURELA EN EL EJERCICIO 2017.

ANEXO 3

CUENTA JUSTIFICATIVA

DENOMINACIÓN DE LA ACTIVIDADE

Nombre

NIF

Dirección

Municipio

Tfno.

Correo electrónico

Nombre

CIF

DECLARO:

Que fueron efectuadas las actividades financiadas con la aportación concedida por el Ayuntamiento de Burela para la promoción de actividades llevadas a cabo por asociaciones culturales, al amparo de la convocatoria correspondiente al ejercicio 2017, resultando conseguidos los objetivos propuestos.

Que la relación de gastos e ingresos en la que ha incurrido la asociación por mi representada es la que se reproduce a continuación:

GASTOS EFECTUADOS.

Expedidor de la factura (con CIF)

Nº factura

Fecha de expedición

Concepto

Importe

Total gastos

INGRESOS QUE FINANCIARON LA ACTIVIDAD.

Subvenciones

Administración concedente.-

Importe.-

Total _____ €

Otros ingresos que financiaron la actividad.

Tipo de ingreso

Importe.-

Total _____ €

_____, ___ de _____ de 2017

EL/LA PRESIDENTE DE LA ENTIDAD

BURELA 26 de xullo de 2017.- ALCALDE ALFREDO LLANO GARCIA

R. 2296

Anuncio

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA A PROMOCIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS DESENLORADAS POR CLUBES DEPORTIVOS DO CONCELLO DE BURELA NO EXERCICIO 2017.

BDNS(Identif.):357524

PRIMEIRA. OBXECTO.

Conforme ao disposto na Lei 7/1985, de bases de réxime local, na Lei 5/1997, da administración local de Galicia, na Lei 38/2003, xeral de subvencións e no Real Decreto 887/2006 polo que se aproba o seu regulamento, na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei, así como no Regulamento de servizos das corporacións locais, coa finalidade de poder asignar os recursos necesarios ás prioridades sinaladas, esta convocatoria ten por obxecto establecer os criterios e procedementos para a concesión de subvencións, durante o exercicio 2017, destinadas a promover actividades das asociacións, clubs ou entidades deportivas do Concello de Burela, de acordo cos principios de obxectividade, concorrencia e publicidade.

A través da presente convocatoria, propónse a consecución dos seguintes obxectivos:

1.1.-Obxectivos estratéxicos, ou de primeiro nivel.

· A chegar o deporte ao maior número posible de individuos, empregando os colectivos como instrumento para acadar este fin.

· A existencia dunha vida deportiva estable dentro do ámbito territorial do Concello de Burela, programada e desenvolvida polas entidades do ámbito privado, e na que a administración municipal represente un papel secundario, tanto na elección do tipo de actividades que se van desenvolver, como na súa posta en práctica e no seu financiamento.

· A participación activa da veciñanza nunha actividade –o deporte– de claro interese público, como medio de promover a formación das persoas máis novas, e de propiciar a oportunidade de convivencia entre os veciños e veciñas.

1.2.-Obxectivos instrumentais, ou de segundo nivel.

Para a consecución dos obxectivos estratéxicos, establécense as seguintes liñas de actuación:

· Promover a participación da veciñanza na vida das entidades, clubs ou asociacións deportivas.

· Promover a complementariedade das asociacións clubs ou entidades, que desenrolan tarefas potencialmente susceptibles de seren asumidos directamente polo propio Concello.

SEGUNDA. GASTOS SUBVENCIONABLES.

2.1.- Poderán ser subvencionados, os gastos vinculados a actividades de índole deportiva desenvolvidas polos suxeitos indicados na base cuarta, en particular:

a) Dereitos de organización do evento/ competicións.

- b) Canon Federacións Deportivas.
- c) Xuíces e árbitros.
- d) Aluguer de equipamentos, material deportivo, instalacións e espazos deportivos (só para aqueles casos que non se celebren en instalacións deportivas municipais).
- e) Material e equipamento deportivo.
- f) Trofeos e medallas.
- g) Seguros para a actividade.
- h) Desprazamentos, aloxamentos e manutención de deportistas, equipos participantes, adestradores, delegados, persoal sanitario, árbitros e xuíces, gastos de vehículos propios ou alugados que sexan usados para desprazamentos, así como o gasto en combustible.
- i) Servizo médico para a actividade, incluído recuperación de deportistas e tratamento fisioterápico.
- j) Produtos farmacéuticos (Botiquín).
- k) Carteleira e Publicidade.
- l) Retribucións de monitores deportivos, adestradores e persoal técnico de organización (Segundo Base 14.17 apartado B) das Bases Xerais).
- m) Aluguer de transportes para equipamentos, materiais e infraestruturas necesarios para a actividade.
- n) Cotizacións á Seguridade Social dos traballadores do clube ou asociación.
- ñ) Calquera outro que a Comisión de Valoración estime que pola súa natureza supón un gasto derivado da actividade deportiva do club e que non estea recollido neste apartado.

Non se subvencionarán:

Aquelas actividades que teñan como único ou principal obxectivo a celebración dunha comida entre os membros da asociación ou entidade deportiva

As viaxes que non acrediten o seu carácter eminentemente deportiva

A realización de obras.

As actividades que reciban subvención nominativa recollida no Artigo 40 das Bases de Execución.

Os gastos de protocolo ou representación e de telefonía móbil

2.2.- Momento de realización dos gastos financiados.

Os gastos para os que se solicite a achega municipal deberán ser efectuados dentro do exercicio 2017.

TERCEIRA. ORZAMENTO.

A contía máxima destinada a esta convocatoria ascende a 18.500 €. imputables á aplicación orzamentaria 341.489

CUARTA.-BENEFICIARIOS.

Poderán optar a estas subvencións os clubs deportivos federados existentes no Concello de Burela, legalmente constituídos, e que figuren inscritas no rexistro municipal de asociacións, sempre e cando contén con domicilio social e sede territorial no Concello de Burela e contén cos datos da inscrición estean debidamente actualizados ao momento de solicitar a achega.

Non poderán optar a estas subvencións as persoas e entidades ás que se refiren os artigos 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

As asociacións solicitantes teñen que estar ao día nas súas obrigas tributarias (AEAT e Facenda), así como, coa Seguridade Social.

As entidades solicitantes non poderán ter pendente de xustificación ningunha axuda anterior do Concello, a non ser que lles fora concedida unha prórroga.

QUINTA.-LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

1.-Lugar de presentación de solicitudes.

As solicitudes deberán presentarse no rexistro xeral do Concello de Burela, ou en calquera outros rexistros públicos aos que se refire o artigo 16.4 da Lei 39/15, do 01 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. No caso de presentar solicitude a través dunha oficina de correos, deberán remitir por fax xustificante da súa presentación en prazo.

2.-Prazo de presentación.

O prazo para presentar as solicitudes será de 20 DÍAS NATURAIS dende a publicación de anuncio destas bases no DOG/BOP. En caso de rematar nun día inhábil, este prazo entenderase estendido ata o inmediato hábil seguinte.

3.-Documentación integrante das solicitudes.

As solicitudes deberán achegarse nos modelos normalizados que figuran como anexos ás presentes bases e que se publicarán na sede electrónica do Concello de Burela <https://burela.sedelectronica.es>.

SEXTA.- DOCUMENTACIÓN, TRAMITACIÓN E RESOLUCIÓN.

1. DOCUMENTACIÓN DE SOLICITUDE:

As solicitudes deberán achegarse nos modelos normalizados que figuran como anexos ás presentes bases e que se publicarán na sede electrónica do Concello de Burela <https://burela.sedelectronica.es>.

Solicitud de subvención de acordo co modelo previsto no ANEXO 1 das presentes bases. Xunto con este anexo, os solicitantes deberán achegar igualmente:

- a) Solicitud de subvención segundo Anexo I.
- b) Memoria explicativa da actividade que se vai realizar, que fará mención aos criterios obxecto de valoración.
- c) Declaración responsable do representante legal da entidade segundo ANEXO II.
- d) Copia do documento nacional de identidade do representante da entidade.
- e) Copia compulsada dos estatutos da entidade.
- f) Certificación orixinal da entidade onde faga constar o domicilio social actual e os membros da actual xunta directiva.
- g) Declaración xurada do representante de axudas/subvencións ou patrocinios (sen achega económica) solicitadas e concedidas por outras administracións para a mesma actividade.
- h) Copia do CIF da entidade.
- i) Documentación con valor probatoria dos criterios obxecto de valoración.
 1. Deporte base mediante certificación da federación correspondente.
 2. Fomento da paridade entre sexos certificación da federación correspondente.
 3. Organización de actividades, torneos, eventos, etc, así como, participar nas actividades organizadas dende o Concello mediante certificación do secretario da asociación onde faga constar os torneos e actividades organizadas dende o Concello nas que participen
 4. Gastos federativos mediante documentos de valor probatorio equivalentes no tráfico xurídico mercantil, con acreditación de terse realizado o pago
 5. Nivel de competición deportiva mediante certificación da federación correspondente.
 6. Antigüidade do club segundo data de constitución aportada mediante certificación do secretario da asociación.
 7. Técnicos deportivos titulados e acreditados copia compulsada da documentación acompañada de certificación do secretario da asociación acreditativa de dispor de ditos medios persoais.
 8. Por éxitos obtidos na tempada anterior mediante certificación da federación correspondente
- j) Certificación bancaria da conta na que teña que efectuarse o ingreso da subvención.
- k) Orzamento do proxecto a executar, indicando o total de ingresos e gastos do mesmo.

2. TRAMITACIÓN:

Constituirase unha Comisión de Valoración presidida polo Alcalde, ou persoa en quen delegue, e integrada polos/as seguintes vogais:

- Concelleiro-delegado da área de deportes.
- Concelleiro designado polo grupo municipal do BNG
- Concelleiro designado polo grupo municipal do PP
- Técnico municipal de deportes.
- Actuando como secretaria a técnico de emprego.

A Comisión de Valoración encargada da instrución do procedemento, avaliará as solicitudes presentadas tendo en conta os criterios e baremos que figuran nas presentes bases e a documentación aportada polas asociacións. Aqueles aspectos, dúbidas ou incidencias que non queden desenvolvidos de xeito explícito nestas bases, serán resoltos pola Comisión de Valoración.

A Comisión de Valoración realizará o procedemento de asignación da puntuación a cada club ou asociación solicitante en base á documentación aportada. En función da puntuación determinarase a cuantía económica correspondente a cada entidade solicitante.

No caso de non presentar algún dos documentos e xustificacións que se sinalan no apartado anterior das bases desta convocatoria, polo órgano instrutor comunicarase ao interesado concedéndolle un prazo de dez días para que poida achegar os documentos requiridos. Transcorrido devandito prazo poderáselles excluír da convocatoria e procederase ao arquivo da súa petición.

3. RESOLUCIÓN:

A Comisión de Valoración elaborará e presentará a proposta de acordo debidamente motivada á Concellería de Deportes do Concello de Burela, que a elevará, si a considera acertada e axustada á normativa, como proposta de acordo á Xunta Local de Goberno e será notificada ás asociacións.

O prazo máximo de resolución será, como máximo, de 90 días desde a finalización do prazo de presentación de solicitudes.

Para obter a cantidade económica da subvención é necesario que a cantidade económica da partida orzamentaria destinada á subvención divídase polo resultado de sumar os puntos de todos os proxectos presentados. A citada operación aritmética dará como resultado o valor dun punto. Logo multiplíquese dita cantidade polo número de puntos de valoración do proxecto en cuestión.

A concesión en firme das subvencións xerará un dereito en favor do/a beneficiario/a e o correlativo compromiso para o concello, compromiso que só será esixible cando se acredite o cumprimento das finalidades que motivaron a súa concesión en prazo e forma.

No prazo de cinco (5) días naturais seguintes ao da publicación da resolución, os/as beneficiarios/as das achegas deberán comunicarlle ao Concello de Burela, por escrito, a non aceptación. Se transcorrido ese prazo non se fixese manifestación expresa en ningún sentido, entenderase aceptada a achega concedida.

Contra a desestimación expresa ou presunta das solicitudes presentadas poderán formularse os recursos que procedan.

De acordo co previsto no artigo 30 do RD 887/06, no mes seguinte ao trimestre natural en que se resolva a distribución de achegas ao abeiro desta convocatoria, procederase a publicar a relación de entidades beneficiarias, nos termos indicados en dita norma.

SÉTIMA.- CRITERIOS OBXECTIVOS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS.

O procedemento asignado para a concesión das distintas solicitudes será en réxime de concorrencia competitiva, mediante uns criterios de concesión das axudas referidos á tempada 2015/2016.

O cuanto da subvención concederase segundo os puntos que obteñan de acordo cos criterios de concesión.

O "valor do punto" obtense dividindo o 100% do orzamento desta convocatoria entre o total de puntos obtidos por todas as solicitudes da mesma que obteñan polo menos 1 punto.

Os criterios de concesión das axudas son os seguintes:

1. Deporte base (máximo 16 puntos):

Enténdese por deporte de base, toda actividade destinada a fomentar o coñecemento do deporte dunha especialidade dada, dende as categorías inferiores, isto é pre-benxamín ata xuvenís (inclusives).

Valorarase que o club ou entidade deportiva estea integrado por deportistas ata os 18 anos, puntuándose con 2 puntos cada equipo integrante do clube.

2. Por número de licenzas federativas de todas as categorías do clube:

Teranse en conta o número de practicantes da actividade deportiva correspondente sempre e cando conte con licenza federativa en regra.

A puntuación neste apartado será baremada nos seguintes termos:

Entre 5 e 20 licenzas federativas: 1 punto.

Entre 21 e 50 licenzas federativas: 2 puntos.

Entre 51 e 80 licenzas federativas: 4 puntos.

Entre 81 e 110 licenzas federativas: 7 puntos.

Máis de 111 licenzas federativas: 10 puntos.

3. Fomento da paridade entre sexos (máximo 15 puntos).

Valórase a paridade entre sexos existente na entidade deportiva ou club. A máis igualdade entre número de deportistas de ambos sexos, maior puntuación.

a) Si a porcentaxe de deportistas do club cuxo sexo é o minoritario entre os integrantes do mesmo está entre o 41% e o 50%: 15 puntos.

b) Si a porcentaxe de deportistas do club cuxo sexo é o minoritario entre os integrantes do mesmo está entre o 31% e o 40%: 10 puntos.

c) Si a porcentaxe de deportistas do club cuxo sexo é o minoritario entre os integrantes do mesmo está entre o 21% e o 30%: 6 puntos.

d) Si a porcentaxe de deportistas do club cuxo sexo é o minoritario entre os integrantes do mesmo está entre o 11% e o 20%: 3 puntos.

e) Si a porcentaxe de deportistas do club cuxo sexo é o minoritario entre os integrantes do mesmo está entre o 5% e o 10%: 1 punto.

4. Participación nas actividades organizadas dende o Concello (máximo 10 puntos)

Puntuarase a participación ou organización de actividades durante as festas locais, semana deportiva, campus deportivos ou calquera tipo de acto impulsado dende as diferentes Concellerías do Concello de Burela. Teranse en conta as actividades organizadas dentro das datas anteriores á xustificación das subvencións, todas aquelas actividades que quedaran fora destas xustificacións serán recoñecidas en posteriores convocatorias.

Nas actividades deberá de comparecer o Concello de Burela como organizador ou coorganizador, e deberán xustificarse as actividades mediante cartel anunciador, fotos da actividade, recortes de prensa ou calquera outro soporte que demostre a realización da actividade e a participación do Concello de Burela na mesma.

Diferenciaranse as actividades pola súa duración (en xornadas). Atendendo a estes criterios márcase a puntuación dos mesmos:

Duración actividade:

Actividade de 1 día de duración: 1 punto.

Actividade de 2 días de duración: 2 puntos.

Actividade de 3 días de duración: 3 puntos.

Actividades de 4 o máis días de duración: 5 puntos.

5. Gastos federativos (máximo 20 puntos).

Teranse en conta os gastos soportados durante a tempada 2016-2017. Enténdense por gastos federativos, os seguintes: pago das fichas, pago da mutua ou seguro (revisión médica), pago de cota á Federación, pago a Federación por inscrición aos campionatos oficiais que ten a potestade de organizar esta, pagos en concepto de arbitraje, etc.. Obterase 1 punto por cada 500 euros de gasto. As fraccións contabilizánsense redondeándose ao alza en 1 punto.

6. Nivel de competición deportiva (máximo 20 puntos).

Terase en conta únicamente o nivel máis alto de calquera dos seus equipos/conxuntos/deportistas. Deberase xustificar a través de calendarios de competición, actas de resultados ou na súa falta certificado da Federación Territorial correspondente, nos que se poida observar ou distinguir categoría e ámbito da competición deportiva.

a) Internacional: 20 puntos.

b) Nacional: 15 puntos.

c) Autonómica: 8 puntos.

d) Provincial: 2 punto.

e) Rexional: 1 punto.

7. Antigüidade do club (máximo 15 puntos).

a) Ata 5 anos: 2 puntos.

b) De 6 a 10 anos: 4 puntos.

b) De 11 a 15 anos: 6 puntos.

c) De 16 a 20 anos: 10 puntos.

d) Máis de 21 anos: 15 puntos.

8. Técnicos deportivos titulados e acreditados (máximo de 15 puntos).

Enténdese polo adestrador a aquela persoa que teña o club ou entidade deportiva solicitante para preparar ao equipo na práctica da actividade deportiva correspondente. Esta persoa deberá dispoñer do título en vigor que lle faculte para iso. (Deberase aportar copia do título correspondente e función que desempeña). Segundo o tipo de titulación acreditada a puntuación por cada técnico deportivo titulado e acreditado será:

- a) Licenciando/Adestrador Superior ou nacional (Nivel III): 3 puntos.
- b) Diplomado/ Adestrador autonómico (Nivel II): 2 puntos.
- c) Adestrador provincial/técnico deportivo (Nivel I): 1 punto.

9. Por éxitos obtidos na tempada anterior 2015/2016.

Terase en conta de acordo coa seguinte escala.

a.- Categoría Superior independentemente do xénero dos/as xogadoras

1. Campión competición:

- Internacional: 20 puntos.
- Nacional: 15 puntos.
- Autonómica: 8 puntos.
- Provincial: 2 punto.
- Rexional: 1 punto.

2.- Ascenso de categoría:

- Nacional: 15 puntos.
- Autonómica: 8 puntos.
- Provincial: 2 punto.
- Rexional: 1 punto.

b.- Categoría Xuvenil independentemente do xénero dos/as xogadoras

1. Campión competición:

- Nacional: 5 puntos.
- Autonómica: 3 puntos.
- Provincial: 2 punto.
- Rexional: 1 punto.

2.- Ascenso de categoría:

- Nacional: 3 puntos.
- Autonómica: 2 puntos.
- Provincial: 1 punto.

c.- Categoría Cadete independentemente do xénero dos/as xogadoras

1. Campión competición:

- Nacional: 5 puntos.
- Autonómica: 3 puntos.
- Provincial: 2 punto.
- Rexional: 1 punto.

2.- Ascenso de categoría:

- Nacional: 3 puntos.
- Autonómica: 2 puntos.
- Provincial: 1 punto.

d.- Categoría Infantil independentemente do xénero dos/as xogadoras

1. Campión competición:

- Nacional: 5 puntos.

- Autonómica: 3 puntos.

- Provincial: 2 punto.

- Rexional: 1 punto.

2.- Ascenso de categoría:

- Nacional: 3 puntos.

- Autonómica: 2 puntos.

- Provincial: 1 punto.

e.- Categoría Alevín independentemente do xénero dos/as xogadoras

1. Campión competición:

- Nacional: 5 puntos.

- Autonómica: 3 puntos.

- Provincial: 2 punto.

- Rexional: 1 punto.

10. Por número de socios da entidade (máximo 7 puntos).

Terase en conta o número de socios/as rexistrados no libro de socios/as da entidade na data da solicitude da axuda e terase que demostrar por parte do Club que todos os socios/as están ao corrente de pago das súas cota para poder contabilizalo neste apartado.

De 15 a 50 socios/as: 1 punto.

De 51 a 100 socios/as: 3 puntos.

De 101 a 200 socios/as: 5 puntos

Máis de 201 socios/as: 7 puntos

11. Por gastos de transporte para competición (máximo 9 puntos).

Valorarase o gasto en medios de transporte para os desplazamentos que os equipo faigan para a disputa das súas competicións deportivas. Os gastos terán que ser xustificados mediante factura oficial, os gastos valoraranse coa seguinte puntuación:

- Gastos entre 1.000 euros e 2.000 euros: 1 punto.

- Gastos entre 2.001 euros e 3.000 euros: 3 puntos.

- Gastos entre 3.001 euros e 5.000 euros: 6 puntos.

- Gastos de máis de 5.001 euros: 9 puntos.

12. Promoción de Burela como reclamo turístico (5 puntos)

Puntuarase con 5 puntos a promoción turística de Burela mediante a impresión nas equipacións deportivas de competición durante a tempada 2015/2016, os símbolos turísticos de Burela ou a impresión do escudo do Concello de Burela.

Xustificarse mediante soporte fotográfico, recortes de prensa ou calquera outro soporte que serva para demostrar a promoción na roupa deportiva dos equipos.

O importe mínimo polo que será concedida a subvención é de 300 €. No caso de non acadar a puntuación precisa para obter dito importe, a asociación ou clube correspondente non terá dereito a achega algunha.

OITAVA.- OBRIGAS DO BENEFICIARIO

Unha vez publicada a concesión da subvención e sempre dentro de os prazos máximos establecidos, a entidade beneficiaria estará obrigada a:

a) Realizar a actividade subvencionada.

b) O cumprimento dos requisitos mínimos establecidos nesta convocatoria.

c) Comunicar con polo menos quince días de antelación calquera modificación do lugar ou a data de celebración da actividade, salvo causas sobrevidas que teñan imposible realizar dita comunicación co prazo descrito.

d) Aportar os datos que se soliciten por parte da Concellería de Deportes no referente á preparación, desenvolvemento e organización da actividade.

e) Cumprir todas as normas establecidas na Lexislación aplicable de Subvencións, nas Bases desta convocatoria.

f) Responder da veracidade dos datos da solicitude, baixo a responsabilidade persoal da persoa que subscriba a solicitude de subvención.

g) Deberán empregar o logotipo do Concello de Burela, ou outro que se acorde, en todas as actividades e comunicacións que haxan promovido e que promovan, así como facer constar a colaboración da Concellería de Deportes do Concello de Burela en todas as publicacións, carteis, documentación impresa da competición.

h) Autorizar a publicación de a información detallada sobre o proxecto de actividade a desenvolver ou sobre a actividade desenvolvida na Web do Concello de Burela ou en calquera outro medio ou soporte.

i) Unha vez outorgadas as subvencións, o Concello de Burela, a través dos seus servizos municipais, poderá comprobar a adecuación do destino da subvención procedendo, no suposto de non adecuarse ao prefixado, á revogación da subvención concedida e á inhabilitación da entidade para os efectos de non poder volver solicitar do Concello de Burela novas peticións.

j) Prestar o servizo de xestión baixo os principios de transparencia, eficacia, eficiencia, calidade, seguridade e bo goberno.

NOVENA.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO.

1.-PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

O prazo de xustificación finalizará o 15 de setembro de 2017, sen admitir prórrogas á citada data.

2.-DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA.

A obriga de xustificar a achega concedida deberá ser cumprida mediante a presentación da correspondente MEMORIA XUSTIFICATIVA, de acordo co modelo que se recolle como ANEXO 3 destas bases, á que se engadirá a seguinte documentación:

1. Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas nestas bases así como, se é o caso, na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

2. Facturas de gasto e demais documentos de valor probatorio equivalentes no tráfico xurídico mercantil, con acreditación de terse realizado o pago.

Para os efectos do indicado no artigo 31 da lei 38/03, do 17 de novembro, xeral de subvencións, considerarase gasto efectivamente realizado o documentado segundo o indicado no parágrafo anterior.

3. En caso de que as actividades subvencionadas se efectuasen a través de persoal contratado para tal efecto:

· Orixinal ou copia compulsada dos contratos de traballo.

· Copias compulsadas das nóminas aboadas e dos boletíns de cotización á seguridade social TC1 e TC2, así como dos documentos bancarios acreditativos dos correspondentes pagos (extractos ou cargos bancarios).

4. Carteis e/ou folletos informativos que se utilizaran para publicitar a actividade. A difusión da actividade deberá ser levada a cabo en lingua galega, facéndose constar en todo caso a colaboración do Concello de Burela. Respectando en todo momento o criterio de proporcionalidade na publicidade da actividade. A citada acreditación farase coa indicación de patrocinio do Concello de Burela e co seu escudo.

5. Orixinal ou copia compulsada dos certificados acreditativos do cumprimento das súas obrigas tributarias e coa seguridade social.

3.- REXISTRO DA DOCUMENTACIÓN.

Para os efectos da xustificación documental, con carácter xeral presentaranse os orixinais dos documentos correspondentes. Excepcionalmente admitiranse fotocopias sempre que veñan compulsadas por notario ou polo Rexistro Xeral do Concello de Burela nos casos nos que se presentasen os documentos a través destes rexistros.

Co fin de dar cumprimento ao disposto no artigo 73 do regulamento de desenvolvemento da lei de subvencións, con carácter previo á realización da compulsada deberá reflectirse sobre o orixinal da factura unha estampilla co selo do concello de Burela, ou ben coa seguinte mención "factura empregada para xustificar unha achega ante o Concello de Burela".

4.-TRAMITACIÓN DA XUSTIFICACIÓN.

Á vista da documentación xustificativa presentada, o órgano competente valorará o cumprimento das actividades ou investimentos subvencionados e, se a documentación é correcta, procederase á aprobación, se é o caso, das xustificacións presentadas.

Para o cobro da subvención as entidades beneficiarias deberán ter ao corrente as súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e co Concello de Burela

DÉCIMA.- REINTEGRO DAS SUBVENCÍONS.

As subvencións serán reintegradas nos supostos previstos no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

UNDÉCIMA.- OUTRAS SUBVENCÍONS OU AXUDAS.

As achegas concedidas ao abeiro desta convocatoria son compatibles con outras que puideran obter as entidades beneficiarias doutras administracións públicas, sempre e cando o importe total do conxunto das mesmas non supere o custe da actividade ou investimento subvencionado.

Sen prexuízo do anterior, as actividades para as que se solicite esta achega non poderán acollerse a outras convocatorias do concello de Burela

DUODÉCIMA.- RÉXIME SANCIONADOR.

Os/as beneficiarios/as de subvencións quedarán sometidos ás responsabilidades e réxime sancionador disposto na Lei Xeral de Subvencións e, se é o caso, ao disposto no Código Penal (Lei Orgánica 10/85).

DISPOSICIÓN ADICIONAIS.**Disposición adicional primeira.**

A falta de xustificación na forma e nos prazos sinalados poderá ocasionar as responsabilidades que correspondan.

As entidades beneficiarias de subvencións concedidas polo Concello quedarán obrigadas a someterse a todas as actuacións que este poida acordar para comprobar que os fins ós que se dedica a subvención se corresponden cos fins para os que se solicitara e concedera a axuda, e para verificar que se cumpren todas as condicións esixidas para a concesión da subvención ou axuda.

Disposición adicional segunda.

Para o non previsto nesta convocatoria serán de aplicación as normas incluídas nas bases de execución do orzamento xeral do Concello a para o exercicio de 2017, na Lei 38/2003, xeral de subvencións e no seu Regulamento e na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA A PROMOCIÓN DE ACTIVIDADES LEVADAS A CABO POR ASOCIACIÓNS DEPORTIVAS DO CONCELLO DE BURELA NO EXECICIO 2017.**ANEXO I****SOLICITUDE DA SUBVENCIÓN**

Nota.- Xunto con este anexo, os solicitantes deberán achegar igualmente:

- a) Solicitude da subvención segundo Anexo I.
- b) Memoria explicativa da actividade que se vai realizar, que fará mención aos criterios obxecto de valoración.
- c) Declaración responsable do representante legal da entidade segundo ANEXO II.
- d) Copia do documento nacional de identidade do representante da entidade.
- e) Copia compulsada dos estatutos da entidade.
- f) Certificación orixinal da entidade onde faga constar o domicilio social actual e os membros da actual xunta directiva.
- g) Declaración xurada do representante de axudas/subvencións ou patrocinios (sen achega económica) solicitadas e concedidas por outras administracións para a mesma actividade.
- h) Copia do CIF da entidade.
- i) Documentación con valor probatoria dos criterios obxecto de valoración.
 1. Deporte base mediante certificación da federación correspondente.
 2. Fomento da paridade entre sexos certificación da federación correspondente.
 3. Organización de actividades, torneos, eventos, etc, así como, participar nas actividades organizadas dende o Concello mediante certificación do secretario da asociación onde faga constar os torneos e actividades organizadas dende o Concello nas que participen
 4. Gastos federativos mediante documentos de valor probatorio equivalentes no tráfico xurídico mercantil, con acreditación de terse realizado o pago
 5. Nivel de competición deportiva mediante certificación da federación correspondente.
 6. Antigüidade do club segundo data de constitución aportada mediante certificación do secretario da asociación.

7. Técnicos deportivos titulados e acreditados copia compulsada da documentación acompañada de certificación do secretario da asociación acreditativa de dispor de ditos medios persoais.

8. Por éxitos obtidos na tempada anterior mediante certificación da federación correspondente

j) Certificación bancaria da conta na que teña que efectuarse o ingreso da subvención.

Nome da persoa que presenta a solicitude (Presidente da asociación).

NIF

Enderezo

Municipio

Tfno.

Enderezo electrónico

Actuando en representación de (datos da entidade solicitante):

Nome

CIF

Enderezo

Localidade

Nº de Rexistro Municipal de Asociación

Nº de asociados

Secretario

Enderezo electrónico

Tendo coñecemento da liña de axudas convocadas polo Concello de Burela para a promoción da actividades realizadas por asociacións deportivas durante o exercicio 2017, SOLICITO ao abeiro da mesma a concesión dunha achega para a realización das actividades indicadas a continuación:

Nota.- Deberase describir, DE XEITO SUFICIENTEMENTE DETALLADO, a actividade para a que se solicita a subvención, así como o fin ou obxectivo que se espera acadar cos mesmos, de feito que resulte posible contrastar a súa efectiva consecución. En caso de que o espazo ofrecido neste cadro non fora suficiente, poderán empreñarse os documentos que resulten precisos, que serán presentados xunto con esta solicitude).

CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA A PROMOCIÓN DE ACTIVIDADES LEVADAS A CABO POR ASOCIACIÓNS DEPORTIVAS DO CONCELLO DE BURELA NO EXERCICIO 2017.

ANEXO 2

DECLACIÓN RESPONSABLE DO PRESIDENTE DA ENTIDADE

Nome

Nif

Enderezo

Municipio

Tfno.

Enderezo electrónico

Presidente da seguinte asociación, e actuando na súa representación (datos da entidade):

Nome

CIF

DECLARO:

Que COÑEZO E ACEPTO as bases da convocatoria promovida polo Concello de Burela para a promoción de actividades levadas a cabo por asociacións deportivas no exercicio 2017, e que non estou incurso de incompatibilidade ou incapacidade algunha para contratar e percibir subvencións da administración pública.

Que a entidade por min representada está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, non estando incurso en ningunha outra causa que supoña ou poida supoñer obstáculo legal para o seu acceso á condición de beneficiario dunha achega ao abeiro da presente convocatoria.

Que a entidade por min representada se compromete a difundir na publicidade das actividades ou investimentos subvencionados o carácter público do financiamento, indicando expresamente a colaboración do Concello de Burela, inserindo o seu logo oficial en todo o material que se utilice para dita difusión.

Que a entidade por min representada se somete ás actuacións de comprobación e á achega da documentación que o Concello da Burela poida acordar para comprobar que as actuacións ás que dedique a subvención, no caso de que nos fose concedida, se corresponden cos fins para os que se solicita.

-----, ___ de ----- de 2017.

O/A PRESIDENTE DA ENTIDADE

CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA A PROMOCIÓN DE ACTIVIDADES LEVADAS A CABO POR ASOCIACIÓNS DEPORTIVAS DO CONCELLO DE BURELA NO EXERCICIO 2017.

ANEXO 3

CONTA XUSTICATIVA

DENOMINACIÓN DA ACTIVIDADE

Nome

Nif

Enderezo

Municipio

Tfno.

Enderezo electrónico

Nome

CIF

DECLARO:

Que foron efectuadas as actividades financiadas ca achega concedida polo Concello de Burela para a promoción de actividades levadas a cabo por asociacións deportivas, ao abeiro da convocatoria correspondente ao exercicio 2017, resultando acadados os obxectivos propostos.

Que a relación de gastos e ingresos na que ten incorrido a asociación por min representada é a que se reproduce a continuación:

GASTOS EFECTUADOS.

Expedidor da factura (con cif)

Nº de factura

Data de expedición

Concepto

Importe

Total gastos

INGRESOS QUE FINANCIARON A ACTIVIDADE.

Subvencións.

Administración concedente.-

Importe.-

Total ----- €

Outros ingresos que financiaron a actividade.

Tipo de ingreso

Importe.-

Total ----- €

-----, ___ de ----- de 2017

O/A representante da entidade.

BURELA 26 de xullo de 2017.- ALCALDE ALFREDO LLANO GARCIA

R. 2297
